



# **CARACTERIZACIÓN DOS CULTIVARES DE PEREIRA DO BANCO DE XERMOPLASMA**

**DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN AGRARIAS DE MABEGONDO  
(CIAM)**

XUNTA DE GALICIA



**CARACTERIZACIÓN DOS CULTIVARES DE  
PEREIRA DO BANCO DE XERMOPLASMA  
DO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS  
AGRARIAS DE MABEGONDO (CIAM)**

Santiago Pereira-Lorenzo  
Allívia Rouse Carregosa Rabbani  
Ana M. Ramos-Cabrer  
M. Belén Díaz-Hernández

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
Santiago de Compostela  
2013

**Edita:** Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Ano:** 2013

**Asesoramento Lingüístico:** Antonia Vega Prieto

**Imprime:** Gráficas Garabal

**D.L.:** C 1809-2013

**ISBN:** 978-84-453-5115-4



## AGRADECEMENTOS

Á Xunta de Galicia por financiar o proxecto “Estudo de variedades autóctonas de maceira e pereira” (PGIDIT06RAG29103PR) e as axudas para a consolidación e estruturación do sistema galego de I+D (INCITE07PXI303041ES, INCITE08E1R291055ES, INCITE09E2R291046ES e IN845B-2010/080) que permitiron a realización deste traballo.

Ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, pola concesión da bolsa MAEC-AECID dende o ano 2008-2011 para a realización da tese de doutoramento de Alluvia Rouse Ferreira dos Santos que serviu para este traballo.

A D. Juan Piñeiro Andión e D. Javier Ascasíbar Errasti, conservadores da colección do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Xunta de Galicia, polo labor de mantemento da colección, subministración das mostras e apoio para que este traballo se levase a cabo.

A D. Antonio Javier González, enxeñeiro agrónomo do Cabido da Palma, polas dúas variedades comerciais subministradas para a comparación no presente estudo.

Á Dra. Dna. Felicidad Fernández (Horticulture Research International - HRI, Reino Unido), pola axuda na selección dos SSR e polas oito variedades de referencia subministradas para a comparación neste estudo.

Ao Laboratorio de Xenética da Facultade de Veterinaria, onde se resolveron os microsátélites presentados neste traballo. Especialmente agradecemos a axuda e colaboración do seu director, o profesor Dr. D. Paulino Martínez Portela, así como da profesora Dra. Dna. Carmen Bouza e da técnica de laboratorio Lucía Ínsua García.

# ÍNDICE

RESUMO .....	11
INTRODUCCIÓN .....	13
A pereira .....	15
A produción de pera .....	17
Orixe dos cultivares .....	19
Recursos xenéticos na pereira .....	23
Bancos de xermoplasma .....	23
Clasificación de cultivares .....	23
Obxectivos .....	24
MATERIAL E MÉTODOS .....	25
Material vexetal .....	27
Caracterización xenética: microsatélites .....	33
Caracterización fenolóxica .....	33
Caracterización morfolóxica .....	34
Análise de datos .....	36
RESULTADOS .....	37
Caracterización xenética .....	39
Variación alélica .....	39
Clasificación mediante microsatélites .....	39
Caracterización .....	53
Fenoloxía .....	53
Morfoloxía .....	58
Proposta de selección de cultivares de pereira na colección do CIAM .....	61
DISCUSIÓN .....	69
Variación alélica .....	71
Características da fenoloxía e do froito .....	72
FICHAS VARIETAIS .....	75
Augacenta .....	77
Barburiñas .....	78
Barrosa .....	79
Branca Xullo .....	80
Blanquilla .....	81
Bonita .....	82
Canela Outubro .....	83
Canela Pequena .....	84
Castell .....	85

CIAM C09 .....	86
CIAM C011 .....	87
CIAM C039 .....	88
CIAM C051 .....	89
CIAM C070 .....	90
CIAM C087 .....	91
CIAM C088 .....	92
CIAM C089 .....	93
CIAM C094 .....	94
CIAM C099 .....	95
CIAM C0107 .....	96
CIAM PT129 .....	97
CIAM PT157 .....	98
CIAM PT158 .....	99
CIAM LU172 .....	100
CIAM LU179 .....	101
CIAM LU189 .....	102
CIAM LU206 .....	103
CIAM LU207 .....	104
CIAM LU209 .....	105
CIAM LU214 .....	106
CIAM OU223 .....	107
CIAM OU225 .....	108
CIAM OU226 .....	109
CIAM OU229 .....	110
CIAM OU231 .....	111
CIAM OU233 .....	112
Compota1 .....	113
Compota2 .....	114
Compota3 .....	115
Conseridonia .....	116
Da Campaña .....	117
De Agosto2 .....	118
De Agosto3 .....	119
De Agosto4 .....	120
De Agosto-Setembro .....	121
De Codorno1 .....	122
De Codorno2 .....	123



De Inverno1 .....	124
De Inverno2 .....	125
De Inverno3 .....	126
De Novembro .....	127
De San Juan1 .....	128
De Santiago1 .....	129
De Santiago2 .....	130
De Setembro-Outubro .....	131
Donguindo .....	132
Donguindo3 .....	133
Donguindo4 .....	134
Dona Juana .....	135
Espadón de Auga .....	136
Espigarda .....	137
Espín .....	138
Fariñentas ou De Cabana .....	139
Follá .....	140
Libra .....	141
Lourenzá .....	142
Manteca Branca .....	143
Manteca Branca Grande .....	144
Manteca Canela Agosto .....	145
Manteca Ouro1 .....	146
Manteca Ouro2 .....	147
Manteca Escura .....	148
Manteca Setembro .....	149
Mantecosa Hardy .....	150
Mendoza .....	151
Millarenga .....	152
Pardas .....	153
Peras de Espiño .....	154
Pero .....	155
Peros Amargos .....	156
Peros de Nadal .....	157
Peros de Santos .....	158
Peros Miúdos .....	159
Peros San Martiño .....	160
Peros Raposos .....	161

Prateiras .....	162
Portuguesa .....	163
Rabo Largo .....	164
Rabuda Parda .....	165
Rabuda1 .....	166
Rabuda2 .....	167
Rabuda3 .....	168
Redonda Agosto .....	169
Roma .....	170
San Breixo .....	171
San Germán .....	172
San Luis .....	173
Sevillana .....	174
Tardía1 .....	175
Tardía2 .....	176
Tardía3 .....	177
Tardía4 .....	178
Tardía Inverno .....	179
Tardía Moi Grande .....	180
Tardía Novembro .....	181
Temperá Agosto .....	182
Tenreiras .....	183
Urraca .....	184
Urraca2 .....	185
Urraca3 .....	186
Urraca Branca .....	187
Urraca Grande .....	188
Verdeñas .....	189
Verdilarga .....	190
Williams .....	191
CONCLUSIÓNS .....	193
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS .....	197

## RESUMO

### **Caracterización dos cultivares de pereira do Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)**

O Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), Xunta de Galicia, estableceuse entre os anos 1978 e 1981 con 221 accesións de pereira. Entre os anos 1999 e 2010 realizouse a súa caracterización xenética, fenoloxía e morfolóxica co financiamento do INIA e a Xunta de Galicia. Para a caracterización xenética os xenotipos foron comparados con 20 variedades comerciais de referencia mediante 19 microsatélites. Identificáronse un total de 147 xenotipos, 127 correspondentes á colección do CIAM e 20 ás comerciais de referencia. Polo tanto, as 221 accesións locais estudadas da colección do CIAM agrupáronse en 127 xenotipos, o que significa o 43% de clonalidade no Banco de Xermoplasma. Das accesións xeneticamente diferentes preséntanse 115 fichas varietais. Estas accesións conservaranse no Banco de Xermoplasma do CIAM. A caracterización precisa mediante microsatélites e unhas fichas varietais detalladas poden servir de referencia para a racionalización dos recursos xenéticos de pereira en España.

Palabras clave: clasificación, recursos xenéticos, microsatélites, morfoloxía, variabilidade, fichas varietais.







# INTRODUCCIÓN



A pereira (*Pyrus* spp.) é unha especie de froiteira de pebida das zonas mornas. As variedades de pera máis consumidas no mundo pódense dividir en dous tipos: peras europeas (*Pyrus communis*) e peras asiáticas ou "nashis" (*Pyrus pyrifolia* var. culta, *Pyrus bretschneideri* e *Pyrus ussuriensis*). Cada un destes dous tipos presenta numerosas variedades comerciais (Simonetto e Grelmann, 1999; Faoro e Yasunobu, 2001).

Existen referencias do cultivo da pereira durante as dinastías chinesas Tsing e Han hai 2000 anos. En Europa, o cultivo de variedades de pereira remóntase a hai uns 1000 anos (Fisher, 2009). As descrições máis antigas de variedades de pereira encóntranse na Idade Media e a aparición da maior parte das variedades europeas prodúcese entre os séculos XVI e XIX, especialmente en Francia e Bélxica, onde xardineiros, monxes e viveiristas traballaban para seleccionar novas variedades. En España tamén se seleccionaron cultivares importantes como 'Blanquilla' ou 'Castell'. O cultivo introduciuse en América coa colonización (Layne e Quamme, 1975; Janick, 2002). A mellora xenética da pereira iniciouse a principios do século XX en Bélxica, Francia, EE.UU. e Alemaña (Fisher e Weber, 2005; Fischer, 2009).

## A pereira

A pereira, xénero *Pyrus*, forma parte da división Angiospermae, clase Dicotyledoneae, orde Rosales, familia Rosaceae e subfamilia Maloideae.

O xénero *Pyrus* xurdiu posiblemente durante o período terciario nas montañas do oeste de China e, probablemente, a partir dos taxons orixinarios dispersouse cara ao leste e o oeste a través das cadeas de montañas. A especiación puido estar asociada co illamento xeográfico das poboacións (Rubtsov, 1944; Zeven e Zhukovsky, 1975).

O xénero *Pyrus* inclúe máis de vinte especies, as máis importantes, a especie europea *P. communis* L. e a especie asiática *P. pyrifolia* (Burm.) Nak., esta última coñecida en Europa como "nashi" (Táboa 1). No xénero recoñécense 22 especies primarias, todas orixinarias de Asia e Europa (Bell *et al.*, 1996) (Táboa 1). *P. pyraster* (B.), *P. spinosa* (Forssk.), *P. elaeagrifolia* (Pallas), *P. syriaca* (Boiss.), *P. x nivalis* (Jacq.) e *P. caucasica* (Fed.) considéranse as especies máis importantes na orixe das variedades de Europa Central (Aedo e Aldasoro, 1998; Moore e Ballington, 1992; Fisher e Weber, 2005; Fisher, 2009).



Figura 1. Pereiras silvestres na provincia de Lugo (España)

**Táboa 1.** Especies de *Pyrus* e a súa distribución [adaptado de Westwood (1982), Zeven e Zhukovsky (1975) e Bell *et al.* (1996)].

Especies	Distribución	Sinonimias
<b>EUROPA</b>		
<i>P. communis</i> L.	Do oeste ata o sudeste de Europa, Turquía, Eurasia	<i>P. asiae-mediae</i> Popov <i>P. balasae</i> Deene <i>P. boissieriana</i> Buhse <i>P. caucasica</i> Fed. <i>P. elata</i> Rubtzov <i>P. medvedvii</i> Rubtzov <i>P. bourganaena</i> <i>P. bourgaeana</i> Decne
<i>P. x nivalis</i> (Jacq.)	Oeste, centro e sur de Europa	
<i>P. cordata</i> Dev.	Sudoeste de Inglaterra, oeste de Francia, España e Portugal	
<b>ZONA MEDITERRÁNEA</b>		
<i>P. amygdaliformis</i> Vill.	Europa mediterránea, Asia menor, sudeste de Europa, Rusia e Turquía	<i>P. sinaica</i> Dom. - Cours. <i>P. spinosa</i> Forssk.
<i>P. elaeagrifolia</i> Pall.	Túnez	<i>P. kotschyana</i> Boiss. Ex Decne
<i>P. syriaca</i> Boiss.	Arxelia	
<i>P. longipes</i> Coss e Dur.	Marrocos, oeste de Arxelia	<i>P. cossonii</i> Redd
<i>P. gharbiana</i> Trab.	Marrocos	
<b>ASIA CENTRAL</b>		
<i>P. glaba</i> Boiss	Irán	
<i>P. salicifolia</i> Pall.	Noroeste de Irán, noroeste de Turquía, sur de Rusia	
<i>P. regelii</i> Rehd.	Centro-sur de Asia (Afganistán)	<i>P. heterophylla</i> Regal & Schmalh <i>P. kumaoni</i> Decne.
<i>P. korshinskyi</i> Litv.	Centro-sur de Asia (Afganistán)	<i>P. pyraister</i> Burgsd
<i>P. pashia</i> Buch.-Ham. D. Don.	Paquistán, India e Nepal	<i>P. variolosa</i> Wall. ex G. Don. <i>P. wihelmii</i> C. Schneid
<b>LESTE ASIÁTICO</b>		
<i>P. pyrifolia</i> (Burm.) Nak.	China, Xapón, Corea, Taiwán	<i>P. serotina</i> Rehnd.
<i>P. pseudopashia</i> T.T. Yu	Noroeste de China (Yunnan, Kweichow)	<i>P. kumaoni</i> Decne.
<i>P. ussuriensis</i> Maxim.	Siberia, Manchuria, norte de China, Corea	<i>P. lindleyi</i> Rehd. <i>P. ovoidea</i> Rehd. <i>P. sinensis</i> Lindley
<i>P. calleryana</i> Decne	Centro-sur de China, Vietnam	
<i>P. betulifolia</i> Bunge	Centro-norte de China, sur de Manchuria	
<i>P. fauriei</i> Scheid	Corea	
<i>P. hondoensis</i> Kik & Nak.	Xapón	
<i>P. dimorphophylla</i> Mak.	Xapón	
<i>P. kawakanii</i> Hayata	Taiwán e sudeste de China	<i>P. koehnei</i> Schneid



Pénsase que a introdución de *P. communis* en diversas partes de Europa puido acontecer en distintos períodos históricos, aínda que algúns autores cren que tivo lugar especialmente na época romana, entre 2000 e 1000 a.C, na que xa se coñecían algunhas variedades (Janick e Moore, 1975; Lombard, 1982; Aedo e Aldasoro, 1998).

Na literatura botánica ibérica, segundo Aedo e Aldasoro (1998), as citas sobre a pereira son relativamente abundantes. En España pódense atopar catro especies de pereira distribuídas en todo o territorio, *P. spinosa*, *P. cordata*, *P. bourgaeana* e *P. communis*. En xeral, pódense encontrar nos bosques, montañas e planicies de España (Alonso de Herrera, 1818), sobre todo de Castela, Aragón, Cataluña, Asturias e Galicia (Figura 1).

## A produción de pera

A produción de pera estase a incrementar, en particular nos países con excelentes condicións climáticas, como nos do sur de Europa, China, Arxentina e República Coreana. En Asia oriental predomina a pera asiática, mentres que en todos os demais países existe unha maior tendencia a cultivar a pera europea (Táboa 2) (Fisher, 2009; FAO, 2004, 2011).

**Táboa 2.** Principais países produtores, produción entre 1998 e 2009 (x1000t) e cultivares de pera (FAO 2004, 2011).

País	1998-2000	2001-2003	2004-2006	2007-2008	2009	Cultivares máis importantes
China	7.925	9.417	11.424	13.361	14.416	Ya Li, Tsu Li, Xuehua Li
EE.UU.	887	860	769	794	849	Anjou, Bartlett, Bosc
Italia	880	904	905	803	848	Abbe Fetel, Bartlett, Conference
Arxentina	529	587	696	730	700	Bartlett, Packhams
República Coreana	281	373	442	469	470	Niitaka
España	674	677	614	545	434	Blanquilla, Conference
Turquía	367	357	333	356	384	Santa Maria, Coscia, Ankara
Xapón	406	390	355	342	352	Kosui, Hosui, Nijisseiki
Sudáfrica	285	311	323	337	340	Packhams, Bartlett, Forelle
India	175	201	236	294	317	Patharnakh
<b>Total</b>	<b>12.409</b>	<b>14.077</b>	<b>16.097</b>	<b>18.031</b>	<b>19.110</b>	<b>Ya Li, Bartlett, Tsu Li</b>

A produción mundial de *P. communis* depende de relativamente poucas variedades. ‘Bartlett’ (‘Williams’) é a variedade principal en moitos países, seguida de ‘Beurre Bosc’, ‘Conference’, ‘Passe Crassane’ e ‘Comice’ ou ‘Decana de Comicio’. Os cultivares de pera asiática máis importantes son ‘Nijisseiki’, ‘Kosui’, ‘Chorujo’ e ‘Hosui’. Algúns cultivares asiáticos, como ‘Tsu Ya Li’ e ‘Li’, proceden das especies chinesas como *P. ussuriensis* (Maxim.) e *P. bretschneideri* (Rehd.) (Fisher, 2009). Na India o ‘Patharnakh’ é un dos cultivares máis importantes e pertence á especie de *P. pyrifolia* (Burm) Nakai.

En España, Cataluña e Aragón producen o 52,26% e 12,49%, respectivamente, da produción total de pera do país. Galicia representa menos do 2,21% da produción, sitúase na oitava posición respecto a outras comunidades (MAGRAMA, 2012) (Táboa 3).

**Táboa 3.** Distribución das pereiras e produción de pera no ano 2010 (MAGRAMA, 2012).

Rexión	Superficie (ha)	Árbores diseminadas	Produción (t)	Produción (%)
Cataluña	12.716	25.335	249.084	52,26
Aragón	4.432	–	59.506	12,49
A Rioxa	2.516	–	50.825	10,66
R. de Murcia	1.588	–	38.149	8,00
Extremadura	1.432	1.800	18.891	3,96
Navarra	1.147	5.470	13.639	2,86
Castela e León	813	103.452	12.368	2,60
Galicia	647	253.499	10.528	2,21
Andalucía	625	30.531	9.382	1,97
C. Valenciana	831	5.945	7.511	1,58
Canarias	141	56.785	2.073	0,43
Castela-A-Mancha	125	28.394	1.793	0,38
País Vasco	162	75.135	1.644	0,34
Baleares	79	4.500	491	0,10
Cantabria	43	2.800	320	0,07
P. de Asturias	30	45.000	315	0,07
Madrid	4	4.625	67	0,01
<b>España</b>	<b>27.331</b>	<b>64.3271</b>	<b>47.6586</b>	<b>100,00</b>

En Galicia, na actualidade, a produción comercial de pera ten unha importancia pequena, aínda que existen plantacións comerciais con variedades comerciais. As máis importantes están en Lugo (Figura 2). No entanto, no pasado debeu ter gran relevancia, se se ten en conta o elevado número de árbores diseminadas (MARM, 2010) (Táboa 4). Esta riqueza reflíctese tamén na importante colección de pereiras existente no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), Xunta de Galicia.



**Figura 2.** Plantación comercial do cultivar 'Conferencia' e outras variedades comerciais na provincia de Lugo (España).

**Táboa 4.** Distribución das pereiras e produción de pera en Galicia no ano 2010 (MAGRAMA, 2012).

Provincia	Superficie (ha)	Árbores diseminadas	Produción (t)
A Coruña	266	117.511	4.761
Lugo	131	22.951	1.585
Ourense	140	74.643	2.660
Pontevedra	110	38.394	1.522
Total	647	253.499	10.528

## Orixe dos cultivares

Vavilov (1951) definiu tres centros de diversidade para peras cultivadas, que considerou como centros de orixe: a) o centro de China, onde se cultivan formas de *P. pyrifolia* e *P. ussuriensis*; b) o centro de Asia Central, incluído o noroeste da India, Afganistán, as repúblicas de Tadjikistan e Uzbekistan e Tian-Shan occidental, onde se atopa *P. communis* ou formas intermedias entre *P. communis* e *P. x bretschneideri* (Yu e Zhang, 1979); e c) o centro de Oriente Próximo nas montañas do Cáucaso e Asia Menor, onde *P. communis* tamén se cultiva (Fisher, 2009).

Crese que a pera europea se cultiva dende a Idade de Bronce e que foi domesticada probablemente nas montañas do Cáucaso e Asia Menor (Vavilov, 1951). En Grecia, a pera europea xa era cultivada no ano 300 a.C. Os romanos, entre 235 e 150 a.C., xa describiron algúns métodos de cultivo e contribuíron á súa diseminación polo sur e o oeste de Europa, e tamén polo norte de África. Plinio, escritor e naturalista romano, no século I, describiu variedades de peras en Roma e recomendou o seu cultivo.

En Europa, entre os séculos XVI e XIX, houbo unha gran expansión do cultivo da pereira, sobre todo en Francia e Bélxica. No entanto, a mellora baseada en caracteres para a obtención de cultivares con características específicas comezou a principios do século XX en Bélxica, Francia, EE.UU. e Alemaña (Fisher e Weber, 2005) (Táboa 5).

Huetz de Lemps (1967) cita a Florez (t. 40, Ap. XII, p. 364, vers. 760) sobre a plantación de viñedos e froteiras de pebida tras a reconquista da cidade de Lugo (Galicia, España) cara ao ano 760 (*Nunc denique laboramus ibidem et aedificamus domum Dei et Ecclesiae Sanctae Mariae et praesimus loca Palatii et ipsam Civitatem restauramus eam intus et foris, et plantavimus vineis et pomiferis*).

**Táboa 5.** Procedencia dos principais cultivares europeos de pereira [adaptado de Brooks e Olmo (1997)].

Cultivar	Orixe	Procedencia e data
Abbe Fetel (Abate Fetel)	Descoñecida	Francia, 1876
Abugo	Descoñecida	España, século XX
Beurre Alexander Lucas	Descoñecida	Francia, 1871
Beurre Anjou	Descoñecida	Francia, século XIX
Beurre Giffard	Descoñecida	Francia, 1825
Beurre Hardy (Mantecosa Hardy)	Descoñecida	Francia, 1820
Blanquilla (Auga de Aranjuez)	Descoñecida	España, 1747
Butirra Precoce Morettini	Coscia × Bartlett	Italia, 1956
Castell	Descoñecida	España, século XIX
Charles Ernest	Descoñecida	Francia, 1879
Comice (Doyenné du Comice)	Descoñecida	Francia, 1849
Concorde	Conference × Comice	Reino Unido, 1995
Condo	Conference × Comice	Holanda, 1974
Conference (Conferencia)	Leon LeClerc de Laval	Inglaterra, 1894
Coscia Precoce	Precoce di Cassano × Coscia	Italia
Cure	Descoñecida	Francia, 1760
Delbard Exquise	Descoñecida	Francia
Delbard Premiere	Akca × Dr. J. Guyot	Francia, 1975
Delbuena—Peradel	Passa Crassana	Francia, 1989
Délice Delbard—Delété	Descoñecida	Francia
Director Hardy	Descoñecida	Francia, 1893
Dr. Jules Guyot (Limoneira)	Descoñecida	Francia, 1871
Epine Du Mas	Descoñecida	Francia, descoñecida
Etrusca	Coscia × Gentile	Italia, 1992
Fiorenza	Dr. Jules Guyot × Bartlett	Italia, 1974
General Leclerc	Comice	Francia, 1950
Harvest Queen	Michigan 572 × Bartlett	Canadá, 1982
Jeanne d'Arc	Butirra Diel × Comice	Francia, 1893
Louise Bonne d'Avranches	Descoñecida	Francia, 1780
Magallon	Descoñecida	España, século XX
Merton Pride	Glou Morceau × Bartlett (4x)	Reino Unido, 1959
Nouveau Poiteau	Van Mos	Francia, 1827
Passa Crassana (Passe Crassane)	Descoñecida	Francia, 1855
Pierre Corneille	B. Diel × Comice	Francia, 1849
Precoce di Fiorano	B. Giffard × Coscia	Italia
Precoce di Trevoux	Descoñecida	Francia, 1862
President Drouard	Beurre Napoleón	Francia, 1876
Rocha	Descoñecida	Portugal, século XIX
Roma	Descoñecida	Italia, descoñecida
Spadona Estiva	Descoñecida	Italia, descoñecida
Spina Carpi	Descoñecida	Italia, 1575
Tosca	Coscia × Bartlett	Italia, 1993
Triomphe de Vienne	Descoñecida	Francia, 1874
Williams Bon Chretien (Bartlett)	Descoñecida	Reino Unido, século XVIII


Aínda que existen un gran número de variedades, moitas delas son deficientes na produción, na calidade da froita ou na súa capacidade de almacenamento. De maneira xeral, as plantacións comerciais acostuman utilizar moi poucos clons e moi produtivos (Táboa 6). A produción mundial de *P. communis* depende de relativamente poucos cultivares. ‘Williams’ é o cultivar máis importante en moitos países, seguido de ‘Beurre Bosc’, ‘Conference’, ‘Passe Crassane’ e ‘Doyenné du Comice’. Os cultivares asiáticos máis importantes son ‘Ya Li, Bartlett’ e ‘Tsu Li’ en China (FAO, 2004); e ‘Nijisseiki’, ‘Kosui’, ‘Chorujō’ e ‘Hosui’ en Xapón (Fisher e Weber, 2005; Fisher, 2009).

**Táboa 6.** Principais países produtores, produción entre 1989 e 2002 (x1000t) e cultivares de pera (FAO, 2004).

País	1989-1992	1999-2002	%	Cultivares máis importantes
China	2.689	8.679	+223	Ya Li, Tsu Li, Xuehua Li
Italia	892	896	+1	Abbe Fetel, Bartlett, Conference
EE. UU.	841	861	+2	Anjou, Bartlett, Bosc
España	509	685	+34	Blanquilla, Conference
Arxentina	265	546	+106	Bartlett, Packhams
Xapón	437	388	-11	Kosui, Hosui, Nijisseiki
Turquía	417	369	-11	Santa María, Coscia, Ankara
Corea do Norte	174	347	+99	Niitaka
Sudáfrica	197	291	+48	Packhams, Bartlett, Forelle
Francia	345	269	-22	Bartlett, Guyot
<b>Total</b>	<b>6.766</b>	<b>13.331</b>	<b>+68</b>	<b>Ya Li, Bartlett, Tsu Li</b>

O mecanismo fundamental na diversificación dos cultivares é a hibridación. Os microsátélites permitiron demostrar que a hibridación é un mecanismo moi importante na orixe dos cultivares, como sucede no caso da vide (Moncada *et al.*, 2006; Díaz-Losada *et al.*, 2010), a abeleira (Boccacci *et al.*, 2006) e o castiñeiro (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2011), debido a cruzamentos espontáneos entre cultivares foráneos (Milla Tapia *et al.*, 2007) e a cruzamentos entre variedades ancestrais (Cunha *et al.*, 2007). Nun estudo mediante microsátélites púidose demostrar a relación directa por hibridación entre un 36% dos xenotipos en castiñeiro (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2011). As relacións de hibridación tamén deron lugar a liñaxes na vide (Díaz-Losada *et al.*, 2010), mediante a selección por parte dos agricultores de xenotipos a partir da semente de parenterais de recoñecida calidade e propagados vexetativamente despois.

Un dos mecanismos que explican a aparición de novos cultivares é a mutación, demostrado con microsátélites no castiñeiro (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2011), na vide (Hocquigny *et al.*, 2004) e na pereira (Yamamoto e Chevreau, 2009).



**Figura 3.** Pereira do cultivar ‘Urraca’ de máis de 100 anos en Teis, Vigo (España).

A mutación deu lugar a quimeras do cultivar 'Pinot' (Hocquigny *et al.*, 2004), o que contribuíu á variabilidade intracultivar.

Outro mecanismo de diversificación descrito nas maceiras por Einset (1952) é a formación de triploides de forma espontánea a partir da hibridación dun gameto non reducido, combinado cun gameto haploide doutro cultivar. Este fenómeno explica que 'Belle de Boskoop' podería ter derivado dun gameto non reducido de 'Reineta de Caux' combinado cun gameto haploide doutro cultivar (Ramos-Cabrer *et al.*, 2007). 'Reineta de Caux' descubriuse por primeira vez no século XVIII nos Países Baixos e 'Belle de Boskoop' en 1856 (<http://1000pom.free.fr/>).

As referencias máis antigas sobre os cultivares de pereira en Galicia realízaas Frei Martín Sarmiento entre 1746 e 1755 (Sarmiento, 1986), algúns de cuxos nomes aparecen na colección do CIAM: 'Peras da libra', 'D<sup>a</sup>. Urraca de Vera', 'Bergamotas de Verán', 'Bergamotas de Inverno', 'Don Guindo Verán' e 'Don Guindo Inverno'.

O cultivar máis importante no noroeste de España é 'Urraca' (Figura 3), citado no século XIX (Sarmiento, 1986) e considerado sinónimo do cultivar francés 'Gourmandine' por De Capmany (1817) e Núñez de Taboada (1859) e da 'Pera-Libra' por Nugent (1808).

Sobre o cultivo da pereira en Galicia, a referencia máis completa é o estudo *Cartografía de Frutales* de Herrero (1964), quen realizou unha descrición das variedades a partir dunha prospección nas catro provincias galegas, consultando a técnicos, viveiristas, comerciantes e fruticultores sobre a estrutura varietal (Táboa 7).

**Táboa 7.** Variedades de pera referenciadas en Galicia por Herrero (1964).

Provincias	Cultivares	Total
Lugo	De Cura <sup>1</sup> , de Inverno <sup>2</sup> , Donguindo <sup>2</sup> , Ercolini, Favorita de Clapp, Dr. Jules Guyot <sup>1</sup> , Manteca Clairgeau <sup>1</sup> , Max Red Bartlett <sup>1</sup> , Roma <sup>1,2</sup> e Urraca <sup>2</sup>	10
A Coruña	André Desportes, Buena Luisa de Avranches <sup>1</sup> , Condesa de París, Consejero da Corte, de Cura <sup>1</sup> , Donguindo <sup>2</sup> , Duquesa de Angulema, A Lactier, Mantecosa da Asunción, Mantecosa Clairgeau <sup>1</sup> , Mantecosa Giffard <sup>1</sup> , Mantecosa Hardy <sup>1,2</sup> , Mantecosa Lebrun, Margarita Marillat, Max Red Bartlett <sup>1</sup> , Roma <sup>1,2</sup> , Urraca <sup>2</sup> , Urraca Branca <sup>2</sup> , Urraca de Galicia e Williams <sup>1,2</sup>	20
Ourense	Auga de Aranjuez (Blanquilla) <sup>2</sup> , Azucre Verde, Bergamota <sup>2</sup> , Esperan, Bergamota de Outono, Bergamota de Verán, Buena Luisa de Avranches <sup>1</sup> , Castel <sup>2</sup> , Cristalina de Verán, de Cura <sup>1</sup> , Doguindo <sup>2</sup> , Duquesa Angulema, Leonardeta, de Limón <sup>2</sup> , Mantecosa Aremberg <sup>1</sup> , Mantecosa Asunción, Mantecosa Hardy <sup>1,2</sup> , Muslo de Dama, Roma <sup>1,2</sup> , San Antonio, Tendral de Valencia e Ternal	22
Pontevedra	Auga de Verán, André Desportes, Bella Angevina, Bergamota de Verán, Buena Luisa de Avranches <sup>1</sup> , Castel <sup>2</sup> , Contron des Carmes, de Cura <sup>1</sup> , Donguindo, Duquesa de Angulema, Dr. Jules Guyot <sup>1</sup> , Malacara, Mantecosa Amalis, Mantecosa Campiamont, Mantecosa Clairgeau <sup>1</sup> , Mantecosa Giffard <sup>1</sup> , Mantecosa Hardy <sup>1,2</sup> , Margarita Marilleta, Passe Crasane <sup>1,2</sup> , Urraca <sup>2</sup> , Urraca Branca <sup>2</sup> , Urraca Francesa, Urraca de Inverno, Urraca Verán, Urraca de Galicia, Presidente Roosevelt, Roma <sup>1,2</sup> , Sidería de Verán, Tendral de Valencia, Triunfo de Viena e Williams <sup>1,2</sup>	32

<sup>1</sup> Variedades estranxeiras.

<sup>2</sup> Variedades presentes no Banco de Xermoplasma do CIAM.

## Recursos xenéticos na pereira

### Bancos de Xermoplasma

Os recursos xenéticos en sistemas agrícolas son de gran importancia tanto para a seguridade alimentaria actual como para as futuras xeracións, xa que estes poden ser considerados fundamentais para o desenvolvemento do planeta (Dhillon *et al.*, 2004). Os recursos xenéticos son relevantes na mellora xenética xa que permiten incorporar características específicas sen ter que recorrer ás poboacións silvestres (Velho e Velho, 2001).

Pódense distinguir dúas estratexias principais de conservación: a conservación *in situ*, onde unha poboación é mantida no seu hábitat natural ou agrícola, ou a conservación *ex situ*, onde é mantida fóra deste hábitat. A conservación *ex situ* pode incluír individuos vivos, tecidos ou material xenético dos individuos. Nun banco xenético tipo *ex situ* é posible almacenar accesións de xermoplasma de orixe vexetal ou animal (FAO, 1998, 2005). Para que haxa unha maior utilización do xermoplasma conservado é de fundamental importancia o coñecemento e a organización da variabilidade xenética existente. A falta de información sobre as accesións mantidas nos bancos de xermoplasma, ou mesmo a consideración de que tal información, cando está dispoñible, é inadecuada ou insuficiente para o mellorador, é unha das principais razóns que está a limitar o uso do xermoplasma conservado (Valls, 2007).

En España, o INIA (Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria) coordina o programa para a conservación e utilización dos recursos xenéticos vexetais, non obstante a xestión destes recursos xenéticos é descentralizada (Lateur *et al.*, 2002). A colección española presenta un total de 444 accesións de cultivares de pereira. Entre os recursos xenéticos de pereira en España encóntrase a colección do CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo), cun total de 221 accesións, non referenciada aínda pola falta de información dispoñible ata o momento (Táboa 8).

**Táboa 8.** Composición das coleccións de peras españolas (modificado de Lateur *et al.*, 2002).

Institución	Nº d'accesións	Tipo de material
Banco de Xermoplasma de froiteiras do SIA (Servizo de Investigación Agroalimentaria) de Aragón	148	71 cultivares españois recolectados entre 2000 e 2001
Colección da Universidade de Lleida	75	
Colección do CIAM (Centro de Investigaciones Agrarias de Mabegondo)	221	Recolectados entre 1978 e 1981
<b>Total</b>	<b>444</b>	

### Clasificación dos cultivares

No Código Internacional para a Nomenclatura de Plantas Cultivadas defínese no artigo 10 o termo cultivar como “un grupo de plantas cultivadas que se distingue claramente por medio dalgúns caracteres (morfolóxicos, fisiolóxicos, citolóxicos, químicos ou outros) e as cales, cando se reproducen (sexual ou asexualmente), manteñen as súas características distintivas”. O termo cultivar deriva de *cultivated variety* (Janick, 1988).

Na lexislación dos dereitos do obtentor (PBR, Plant Breeders Rights), antes de que un mellorador poida recibir un certificado de protección dunha variedade (unha licenza PBR), o cultivar debe satisfacer os seguintes requirimentos: i) distinto, por unha ou máis características morfolóxicas, fisiolóxicas ou outras; ii) uniforme,

aceptando algunhas variacións predicibles e comercialmente tolerables; e iii) estable, de tal forma que na reprodución ou reconstitución, permanecerá sen cambios en canto ás súas características esenciais e de distinción, cun razoable grao de exactitude (Bailey, 1983).

Varios centros europeos asociados ao European Cooperative Programme for Crop Genetic Resources Network (ECP/GR), entre eles España, Francia, Austria, Bélxica, República Checa, Grecia, Estonia, Italia, Portugal, Holanda e Iugoslavia, están a caracterizar e avaliar os cultivares de pereira europea.

Nun primeiro estudo elixíronse os cultivares máis importantes, entre eles 'Mantecosa Hardy', 'Williams', 'Conference' e 'Doyenné du Comice'. Os principais obxectivos do ECP/GR foron: i) testar e mellorar os descritores dispoñibles; e ii) facer unha análise para probar a capacidade de discriminación dos descritores entre os cultivares de pereira (Maggioni *et al.*, 2004). Entre os descritores importantes están a época de floración, a época de recolección, así como a forma, o tamaño e a cor do froito.

As descrições máis antigas de pereira son aquelas recollidas na *Cartografía de Frutales* (Herrero, 1964). No devandito traballo realízase unha descripción de variedades encontradas en España e faise unha referencia á súa orixe, ás características do froito en canto á forma, cor e tamaño; e ademais inclúe un debuxo esquemático da pera.

Na actualidade existe unha Oficina Española de Variedades Vexetais (OEVV) ([www.magrama.es](http://www.magrama.es)) que está relacionada coa Oficina Europea de Variedades Protexidas no lugar de acceso "Catálogo comunitario de variedades protexidas" (<http://www.cpvo.fr/main/es/pagina-de-inicio/examenes-tecnicos/protocolos-tecnicos/pt-especies-de-frutales>). Para o rexistro dunha nova variedade fai falla seguir o protocolo definido en 2003 polo "Community Plant Variety Office" ([http://www.cpvo.fr/documents/TP/fruits/TP\\_015\\_PYRUS\\_COMMUNIS.pdf](http://www.cpvo.fr/documents/TP/fruits/TP_015_PYRUS_COMMUNIS.pdf)), necesario para cumprir a regulación europea (Council Regulation 2100/94 on Community Plant Variety Rights), e que ten como orixe a guía da UPOV para a realización do test para a distinción, uniformidade e estabilidade de variedades de pereira (UPOV Document TG/1/3 and UPOV Guideline TG/15/3 dated 04/05/2000 for the conduct of tests for Distinctness, Uniformity and Stability).

## Obxectivos

En 2007 comezouse un estudo financiado pola Xunta de Galicia de avaliación dos recursos fitoxenéticos de pereira recollidos no Banco de Xermoplasma do CIAM mediante microsatélites. O obxectivo principal do proxecto PGIDIT06RAG29103PR (2007-2010), e reforzado logo cos proxectos de consolidación dos grupos de investigación (INCITE07PXI303041ES, 2007; INCITE08E1R291055ES, 2008; INCITE09E2R291046ES, 2009; e IN845B-2010/080, 2010), era a avaliación de cultivares galegos de pereira mediante caracteres morfolóxicos, fenolóxicos e marcadores moleculares, establecendo os seguintes obxectivos:

- Estudar a diversidade xenética dos cultivares recollidos.
- Identificar os distintos cultivares, así como as posibles sinonimias e homonimias do banco, comparándo-os coas variedades comerciais de pereira.
- Determinar e identificar a variación fenolóxica e morfolóxica dos cultivares da colección.





# MATERIAL E MÉTODOS



## Material vexetal

O Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), Xunta de Galicia, localizado en Mabegondo, A Coruña, foi establecido entre os anos 1978 e 1981, e presenta 221 accesións de pereira (*Pyrus spp.*). As accesións foron recollidas polas catro provincias galegas, e anotouse no momento da recollida o nome facilitado polo agricultor (Táboa 9). Nos casos en que non se coñecía a denominación da mostra, esta introduciuse na colección como “Descoñecida”. Ademais das pereiras do CIAM, tamén se estudaron 20 variedades comerciais como referencia (Táboa 10).

**Táboa 9.** Accesións de pereira recollidas no CIAM (Xunta de Galicia) e a súa procedencia.

Código	Denominación	Provincia	Localidade
C01	Pera de Xullo	A Coruña	Descoñecida
C02	Sevillana	A Coruña	Descoñecida
C03	Manteca Dourada	A Coruña	Descoñecida
C04	Millarenga	A Coruña	Descoñecida
C05	Barburíña	A Coruña	Descoñecida
C06	Manteca Morena	A Coruña	Descoñecida
C07	Urraca Pequena	A Coruña	Descoñecida
C08	Mantecosa Grande	A Coruña	Descoñecida
C09	Tipo Manteca Temperá	A Coruña	Vilaxoán
C010	San Benito 18 Xullo	A Coruña	Vilaxoán
C011	Jugosa Tardía	A Coruña	Vilaxoán
C012	Tardía Moi Grande	A Coruña	Vilaxoán
C013	Urraca	A Coruña	Vilaxoán
C014	Grande Campana	A Coruña	Descoñecida
C015	Urraca Pequena	A Coruña	Descoñecida
C016	Donguindo	A Coruña	Descoñecida
C017	Rabuda (Pé de Col)	A Coruña	Descoñecida
C018	Pera de Xuño	A Coruña	Descoñecida
C019	Portuguesa	A Coruña	Descoñecida
C020	Descoñecida	A Coruña	Descoñecida
C021	Manteca Ouro	A Coruña	Descoñecida
C022	Pera de Xullo	A Coruña	Descoñecida
C023	Rabuda	A Coruña	Descoñecida
C024	Tardía Novembro	A Coruña	Descoñecida
C025	Donguindo	A Coruña	Descoñecida
C026	Follá	A Coruña	Descoñecida
C027	Manteca Branca Grande	A Coruña	Bergondo
C028	Rabuda Parda	A Coruña	Descoñecida
C029	Verdilarga	A Coruña	Descoñecida
C030	Pera de Xuño	A Coruña	Culleredo
C031	Compota Tardía	A Coruña	Descoñecida
C032	Pera Fidalga (Donguindo)	A Coruña	Descoñecida
C033	Urraca Pequena	A Coruña	Descoñecida
C034	Mendoza	A Coruña	Descoñecida



Código	Denominación	Provincia	Localidade
C035	Urraca Grande	A Coruña	Descoñecida
C036	Pera Limón	A Coruña	Pontedeume
C037	Canela Outubro	A Coruña	Pontedeume
C038	Canela Pequena	A Coruña	Pontedeume
C039	Suíza Desecación	A Coruña	Bergondo
C040	Donguindo	A Coruña	Pontedeume
C041	Amarela Xuño	A Coruña	Descoñecida
C042	Branca Xullo	A Coruña	Descoñecida
C043	Manteca Branca Agosto	A Coruña	Descoñecida
C044	Manteca Escura	A Coruña	Descoñecida
C045	Sevillana	A Coruña	Bergondo
C046	Peros San Martiño	A Coruña	Padrón
C047	Peros Santiago	A Coruña	Padrón
C048	Peros Raposos	A Coruña	Padrón
C049	Peros Miúdos	A Coruña	Padrón
C050	Pera de Codorno	A Coruña	Ortigueira
C051	Pera Doce	A Coruña	Ortigueira
C052	Pera Libra	A Coruña	Ortigueira
C053	Urraca Pequena Agosto	A Coruña	Descoñecida
C054	Pera Branca Primeiros de Xullo	A Coruña	Descoñecida
C055	Manteca Canela Agosto	A Coruña	Pontedeume
C056	Manteca Ouro	A Coruña	Descoñecida
C057	Urracas	A Coruña	Padrón
C058	Peras de Espiño	A Coruña	Padrón
C059	Pera Manteca	A Coruña	Padrón
C060	Pera Lourenza	A Coruña	Padrón
C061	De Inverno	A Coruña	Padrón
C062	Barrosa	A Coruña	Padrón
C063	Prateiras	A Coruña	Padrón
C064	De Xullo	A Coruña	Bergondo
C065	Manteca Escura	A Coruña	Ferrol
C066	Manteca Ouro	A Coruña	Ferrol
C067	Pera Inverno	A Coruña	Ferrol
C068	Urraca	A Coruña	Cabanas
C069	San Germán	A Coruña	Cabanas
C070	Donguindo	A Coruña	Cabanas
C071	Tardía	A Coruña	Aranga
C072	Temperá Agosto	A Coruña	Aranga
C073	Barburiñas	A Coruña	Aranga
C074	Manteca Escura	A Coruña	Descoñecida
C075	Tenreiras	A Coruña	Ortigueira
C076	Manteca	A Coruña	Ortigueira
C077	Parece Clairgeau	A Coruña	Ortigueira
C078	Urraca Grande	A Coruña	Ortigueira
C079	Rabuda	A Coruña	Oza dos Ríos

Código	Denominación	Provincia	Localidade
CO80	Urraca Branca	A Coruña	Padrón
CO81	Descoñecida	A Coruña	Padrón
CO82	Descoñecida	A Coruña	Padrón
CO83	Pera San Juan	A Coruña	Padrón
CO84	Descoñecida	A Coruña	Padrón
CO85	Tardía	A Coruña	Padrón
CO86	Tardía Inverno	A Coruña	Padrón
CO87	Descoñecida	A Coruña	Padrón
CO88	Descoñecida	A Coruña	Padrón
CO89	Descoñecida	A Coruña	Padrón
CO90	Codorno	A Coruña	Padrón
CO91	Urraca	A Coruña	Padrón
CO92	Urraca	A Coruña	Noia
CO93	Descoñecida	A Coruña	Noia
CO94	Descoñecida	A Coruña	Noia
CO95	De San Xoán	A Coruña	Noia
CO96	Rabuda	A Coruña	Noia
CO97	De Agosto	A Coruña	Noia
CO98	Tardía	A Coruña	Noia
CO99	Moi Boa	A Coruña	Noia
CO100	Peros de Santos	A Coruña	Noia
CO101	Duquesa de Angulema	A Coruña	Noia
CO102	Pera de San Luis	A Coruña	Noia
CO103	Pera de Novembro	A Coruña	Noia
CO104	Conseridonia	A Coruña	Noia
CO105	Urraca	A Coruña	Pontedeume
CO106	Tardía	A Coruña	Mabegondo
CO107	Manteca	A Coruña	Descoñecida
CO108	De Setembro	A Coruña	Descoñecida
CO109	De Outubro	A Coruña	Descoñecida
CO110	Descoñecida	A Coruña	Descoñecida
CO111	Agosto-Setembro	A Coruña	Descoñecida
CO112	Peros de Agosto-Setembro	A Coruña	Descoñecida
CO113	De Agosto	A Coruña	Descoñecida
PT114	Descoñecida	Pontevedra	Cambre
PT115	Manteca Escura	Pontevedra	Cambre
PT116	Pera San Juan	Pontevedra	Cambre
PT117	Urraca	Pontevedra	Cambre
PT118	Barburifias	Pontevedra	Silleda
PT119	Verdilarga	Pontevedra	Silleda
PT120	Sevillana	Pontevedra	Breixa
PT121	Descoñecida	Pontevedra	Breixa
PT122	Urraca Branca	Pontevedra	Lalín
PT123	Pero de Inverno	Pontevedra	Lalín
PT124	Da Campaiña	Pontevedra	Lalín

Código	Denominación	Provincia	Localidade
PT125	Augacenta	Pontevedra	A Estrada
PT129	Descoñecida	Pontevedra	A Estrada
PT132	San Breixo	Pontevedra	Caldas
PT133	Rabo Largo	Pontevedra	Caldas
PT134	Descoñecida	Pontevedra	Caldas
PT135	Bonita	Pontevedra	Caldas
PT136	Bergamota	Pontevedra	Caldas
PT137	Urraca Branca	Pontevedra	Caldas
PT140	Descoñecida	Pontevedra	Caldas
PT143	Grande Fariñenta	Pontevedra	Cambados
PT144	Manteca 1ª de Agosto	Pontevedra	Cambados
PT145	Vagin	Pontevedra	Ponte Caldelas
PT146	Urraca Grande	Pontevedra	Ponte Caldelas
PT147	Campana	Pontevedra	Ponte Caldelas
PT150	Descoñecida	Pontevedra	Redondela
PT151	Pera San Juan	Pontevedra	Redondela
PT152	Pera Compota	Pontevedra	Redondela
PT153	Descoñecida	Pontevedra	Redondela
PT154	Descoñecida	Pontevedra	Redondela
PT155	Descoñecida	Pontevedra	Redondela
PT156	San Roque	Pontevedra	Redondela
PT157	Descoñecida	Pontevedra	Redondela
PT158	Descoñecida	Pontevedra	Moaña
PT160	De San Antonio	Pontevedra	Marín
PT161	De Santiago	Pontevedra	Marín
PT164	Pardas	Pontevedra	A Cañiza
PT165	Pero de Nadal	Pontevedra	Ponteareas
PT166	Pera Vermella	Pontevedra	Vedra
PT167	Peros Amargos	Pontevedra	Vedra
LU168	Manteca Setembro	Lugo	Foz
LU169	Redonda Agosto	Lugo	Foz
LU170	Descoñecida	Lugo	Mondoñedo
LU171	De Inverno	Lugo	Mondoñedo
LU172	Descoñecida	Lugo	Alfoz
LU173	Amarela Agosto	Lugo	Mondoñedo
LU174	De Agosto	Lugo	Mondoñedo
LU177	Espadón de Auga	Lugo	Mondoñedo
LU178	Descoñecida	Lugo	Guitiriz
LU179	Descoñecida	Lugo	Guitiriz
LU180	Donguindo	Lugo	Guitiriz
LU184	Espigarda	Lugo	Chantada
LU185	Dona Juana	Lugo	Chantada
LU186	De Auga	Lugo	Chantada
LU187	Manteca Branca	Lugo	Chantada
LU188	Santiaguesa	Lugo	Chantada

Código	Denominación	Provincia	Localidade
LU189	Parece Bosc	Lugo	Chantada
LU190	Descoñecida	Lugo	Chantada
LU191	De Agosto	Lugo	Ribas do Sil
LU192	Pera de Santiago	Lugo	Ribas do Sil
LU193	Pera Canela	Lugo	O Corgo
LU194	Parda de Setembro	Lugo	O Corgo
LU195	De Setembro	Lugo	Becerreá
LU196	Pero	Lugo	As Nogais
LU197	San Lucas	Lugo	A Pontenova
LU199	Rabuda ou Pera do Pozo	Lugo	A Pontenova
LU200	Fariñentas ou de Cabana	Lugo	A Pontenova
LU201	De Compota	Lugo	A Pontenova
LU202	Rabuda de Compota	Lugo	Meira
LU203	Pardas de Novembro	Lugo	Meira
LU204	Verdiñas Setembro	Lugo	Meira
LU205	Descoñecida	Lugo	Monforte
LU206	Descoñecida	Lugo	Monforte
LU207	Descoñecida	Lugo	Monforte
LU208	Descoñecida	Lugo	Monforte
LU209	Descoñecida	Lugo	Monforte
LU211	Pera Espín	Lugo	A Fonsagrada
LU214	Descoñecida	Lugo	A Fonsagrada
OU215	Descoñecida	Ourense	Maceda
OU216	Verdeñas	Ourense	Maceda
OU217	Manteca Ouro	Ourense	Maceda
OU218	Da Sementeira	Ourense	Maceda
OU219	Pereira	Ourense	Celanova
OU220	San Xoan	Ourense	Celanova
OU221	Descoñecida	Ourense	Allariz
OU223	Descoñecida	Ourense	Allariz
OU224	Descoñecida	Ourense	Verín
OU225	Descoñecida	Ourense	Verín
OU226	Descoñecida	Ourense	Verín
OU227	Descoñecida	Ourense	Verín
OU228	Descoñecida	Ourense	O Barco de Valdeorras
OU230	Descoñecida	Ourense	O Barco de Valdeorras
OU229	Descoñecida	Ourense	O Barco de Valdeorras
OU231	Descoñecida	Ourense	A Gudiña
OU232	Descoñecida	Ourense	A Gudiña
OU233	Descoñecida	Ourense	A Gudiña
OU234	Descoñecida	Ourense	A Gudiña
OU235	Perón Nadal	Ourense	O Carballiño
OU236	Verdeña	Ourense	Villamarín
OU237	Verdeales	Ourense	Ribadavia
OU238	Descoñecida	Ourense	Ribadavia

Código	Denominación	Provincia	Localidade
OU239	Parecida Williams	Ourense	Ribadavia
OU240	Perifotes	Ourense	Parada de Sil
OU241	Descoñecida	Ourense	A Pobra de Trives
OU243	Descoñecida	Ourense	A Pobra de Trives
OU244	De San Roque	Ourense	A Rúa
OU245	Pereiro	Ourense	Xinzo de Limia
OU246	Descoñecida	Ourense	Bande

Ademais, e como xa se indicou, estudouse unha colección de cultivares comerciais instalada no terreo de prácticas da Escola Politécnica Superior de Lugo (EPS) (10 cultivares), así como 8 pereiras comerciais facilitadas polo Centro de Investigación de East Malling Research (EMR, Kent, Reino Unido), e outros 2 cultivares comerciais procedentes das Illas Canarias (Cabido da Palma) (Táboa 10). O número total de individuos utilizados neste estudo foi de 241 (221 accesións galegas e 20 comerciais).

**Táboa 10.** Variedades comerciais de *Pyrus* spp. estudadas como referencias.

Nome	Especie	Orixe
Abbe Fetel	<i>P. communis</i>	EMR <sup>1</sup>
Blanquilla	<i>P. communis</i>	EPS <sup>2</sup>
Castell	<i>P. communis</i>	EPS
Chanticleer	<i>P. calleryana</i>	EMR
Conference	<i>P. communis</i>	EMR
Doyenné du Comice	<i>P. communis</i>	EMR
Ercolini	<i>P. communis</i>	EPS
General Leclerc	<i>P. communis</i>	EPS
Hosui	<i>P. pyrifolia</i>	EMR
Dr. Jules Guyot	<i>P. communis</i>	EPS
Mantecosa Hardy	<i>P. communis</i>	EPS
Nijisseiki	<i>P. pyrifolia</i>	EPS
Passe Crassane	<i>P. communis</i>	EMR
Péndula	<i>P. salicifolia</i>	EMR
Precoce Morettini	<i>P. communis</i>	EPS
Roma	<i>P. communis</i>	A Palma <sup>3</sup>
Shinseiki	<i>P. pyrifolia</i>	EPS
Tosca Mediana	<i>P. communis</i>	A Palma
Max Red Bartlett	<i>P. communis</i>	EPS
Williams	<i>P. communis</i>	EMR

<sup>1</sup>EMR - East Malling Research; <sup>2</sup>EPS - Escola Politécnica Superior de Lugo; <sup>3</sup>Cabido da Palma - Illa da Palma




## Caracterización xenética: microsátélites

A extracción de ADN fíxose a partir de follas frescas, cando fose posible, e no caso contrario a partir do material conxelado. Para levar a cabo a extracción empregouse un “kit” de extracción *DNeasy a Plant Mini Kit* (QUIAGEN, Hilden, Alemaña). As amplificacións por PCR (Reacción en Cadea da Polimerasa) realizáronse segundo o método descrito por Dos Santos *et al.* (2011) nun termociclador PTC-100 (M.J. Research, Watertown, EE.UU.), ou nun GeneAmp PCR System 2700 (Applied Biosystems, Foster city, EE.UU.). A separación de fragmentos efectuouse nun secuenciador ABI 3730 DNA Analyzer (Applied Biosystems, USA).

Empregáronse 19 microsátélites previamente estudados por Dos Santos *et al.* (2011) con elevado grao de polimorfismo. Un total de 16 dos 19 SSR foron desenvolvidos previamente para a maceira: CH-Vf1 (Vinatzer *et al.*, 2004); GD142, GD147 (Hokanson *et al.*, 1998); CH01d08, CH01d09, CH01f07a, CH02b10, CH02c09, CH02c11, CH02d11, CH03d12, CH03g07, CH04c07, CH04e03, CH05a02 e CH05c06 (Gianfranceschi *et al.*, 1998; Liebhard *et al.*, 2002).

## Caracterización fenolóxica

Para caracterizar os estadios fenolóxicos empregouse a clasificación de Fleckinger (1964) (Figura 4).



(B, C e C3) a xema comeza a inchar, (D e D3) aparición dos botóns florais, (E) os pétalos deixan ver os sépalos, (E2) primeira flor, (F) primeira flor aberta, (F2) plena floración, (G) caída dos primeiros pétalos, (H) caída dos últimos pétalos, (I e J) engrosamento dos froitos e (R) recolección do froito.

**Figura 4.** Consideracións preliminares dos estadios fenolóxicos da pereira [baseado en Fleckinger (1964)].

Na floración (F e F2) defínense tres subestadios: IF (primeira flor, preto do 5% de flores abertas na árbore), PF (plena floración, máis do 50% de flores abertas na árbore) e FF (final da floración, 95% de flores abertas na árbore).

A toma de datos efectúase 2 días á semana dende o estadio B (a xema empeza a inchar) ata o estadio R (recolección do froito), e anotouse o estadio máis frecuente, o máis avanzado e o máis atrasado de cada clon, en cada data. Os datos foron tomados nos anos 1999, 2000, 2008 e 2010.

## Caracterización morfolóxica

Para as observacións do froito recolléronse polo menos 20 peras non terminais de dúas árbores distintas na madureza fisiolóxica, das que se seleccionaron 10 que se consideraron representativas para realizar as medicións.

O estudo do froito realizouse nos anos 1999, 2000, 2007, 2008 e 2009, e dispúxose dun mínimo de dous anos de repeticións para gran parte dos caracteres estudados. A produción do froito foi moi irregular e escasa en moitos xenotipos. Os descritores empregados foron as características visuais e organolépticas do froito, ademais das características químicas do zume.

Os descritores e metodoloxía empregados na caracterización morfolóxica dos xenotipos de pereira do CIAM adaptáronse da Union for the Protection of New Varieties of Plants [UPOV (2000)] e do International Board for Plant Genetic Resources [IBPGR (1983)].

A continuación preséntanse as características estudadas no presente traballo:

1. Peso (g): peso do froito en gramos, sendo clasificado como moi baixo ( $\leq 56$  g), baixo (57-82 g), medio (83-114 g) e alto ( $\geq 115$  g).
2. Diámetro máximo (DM) en mm (UPOV TG/15/3 38), sendo clasificado como moi pequeno ( $\leq 45$  mm), pequeno (46-51 mm), mediano (52-59) e grande ( $\geq 60$  mm).
3. Posición do diámetro máximo (UPOV TG/15/3 40): no medio, lixeiramente cara ao cáliz ou claramente cara ao cáliz.
4. Lonxitude (L) en mm: lonxitude do froito considerando os puntos máis distantes en mm (UPOV TG/15/3 37), sendo clasificada como moi pequena ( $\leq 45$  mm), pequena (46-55 mm), mediana (56-62 mm) e grande ( $\geq 63$  mm).
5. Relación entre a lonxitude e o diámetro máximo do froito (Rella) (UPOV TG/15/3 39), sendo clasificada como moi pequena ( $\leq 0,94$ ), pequena (0,95-0,99), mediana (1,00-1,17) e grande ( $\geq 1,18$ ).
6. Distancia ao diámetro máximo (DDM) en mm: defínese como a posición no eixe vertical cara a onde se encontra desprazado o diámetro máximo do froito, sendo clasificada como moi pequena ( $\leq 24$  mm), pequena (25-27 mm), mediana (28-30 mm) e grande ( $\geq 31$  mm).
7. Perfil dos laterais: defínese principalmente en función da posición do diámetro máximo (UPOV TG/15/3 43): cóncavo, recto ou convexo.
8. Código da forma (IBPGR 6.2.10): determínase en función da relación lonxitude e diámetro, a posición do diámetro máximo e o perfil lateral do froito da pera [adaptado de IBPGR (1983)].
9. Cor da epiderme ou cor de fondo da base (UPOV TG/15/3 44): amarela, amarela ocre, amarela verdosa, verde ou verde amarelenta.

10. Cor da chapa (UPOV TG/15/3 46): en peras con epiderme bicolora, cor da chapa que recobre a cor da epiderme: laranxa ou vermella.
11. Intensidade da chapa: pálida, media ou forte.
12. Tipo de chapa: sen chapa, a raias grosas, a manchas, salpicada ou coloreada a lavada.
1	Manteca Ouro1	149 149	276 286	138 151 157	182 184 190 120 126 132	229 245	227 239	101 111 121	108 125 226 242		
2	Williams	132 149	239 276	149 157	177 184	120 126	237 245	219 239	109 111	108 125 226 242	
2	Max Red Bartlett	132 149	239 276	149 157	177 184	120 120	237 245	219 239	- -	108 125 226 242	
2	CIAM CO9	149 149	239 278	138 149	177 190	126 132	237 245	215 219	109 111	125 125 226 256	
2	CIAM CO107	132 136	239 278	149 153	177 190	120 126	237 245	215 239	111 117	108 125 232 242	
3	Rabuda3	132 149	276 282	134 157	177 190	120 130	239 239	239 239	111 117	108 112 226 242	
3	CIAM CO99	134 149	276 282	134 157	184 190	130 130	239 245	237 239	113 117	112 125 242 256	
4	Tardía3	136 140	278 278	138 151	190 194	118 136	245 245	215 217	111 121	110 125 232 232	
4	San Germán	136 140 149	278 278	138 151 153	190 194 199 118 120 136	241 245	215 217 241	111 121	110 125 232 242		
4	Tardía Novembro	136 140 149	278 278	138 151	190 194 199 118 118	239 245	215 217 241	111 121	110 125 232 242		
5	De San Juan1	145 187	276 278	143 155	209 209	128 128	237 245	217 223	95 121	91 116 232 232	
5	De San Antonio	145 187	276 278	143 155	209 209	128 128	237 245	217 223	95 121	91 116 232 232	
6	Canela Outubro	130 136	278 286	153 157	190 190	126 136	229 245	215 215	101 117	108 125 232 245	
6	Compota1	130 136	278 286	153 157	190 190	126 126	229 245	215 217	101 117	108 125 226 232	


Grupo	Xenotipo	CH01d03	CH01d08	CH01d09	CH01f07a	CH02b10	CH02c09	CH02c11	CH02d11	CH03d12	CH03g07
7	CIAM LU206	136 145	282 294	138 143	194 209	130 136	243 245	215 217	95 117	112 125	226 232
7	Verdilarga	136 136	278 282	138 143	188 209	120 130	237 243	215 247	101 117	114 125	226 228
8	Manteca Branca	132 134	276 282	153 157	182 184	130 130	237 245	215 239	111 117	108 125	226 256
8	De Agosto3	134 134	276 282	134 153 157	182 184 192	130 136	237 245	215 237 239	111 117 119	108 125	226 256
9	Rabuda Parda	132 136 151	239 276	119 136 140	173 197	122 134	237 241 249	221 237	115 121	112 112	236 242 248
9	San Breixo	134 136 149	239 276 286	119 130 140	173 182 197	122 134	243 245 249	215 237 239	111 121	112 125	228 236 248
10	Ercolini	130 134	278 282	140 157	184 190	130 130	237 245	215 217	95 117	91 108	256 266
10	Precoce Morettini	130 132	276 282	140 157	177 190	120 130	237 237	217 219	111 117	108 125	242 256
11	Nijisseiki	151 151	280 280	155 155	181 181	122 132	249 255	225 237	115 115	93 112	252 258
11	Shinseiki	149 149	280 280	155 155	181 181	122 132	247 255	225 237	115 115	- -	252 258

Grupo	Xenotipo	CH04c07	CH04e03	CH05a02a	CH05a02b	CH05c06	CH-Vf1	EMPC11	EMPC117	GD142	GD147
1	CIAM CO70	80 124	180 180 103 109	113 117	87 91	130 138 150 142 149	88 115 154 168	125 127			
1	Manteca Ouro1	116 124 132	180 205 103 109	111 113 117	87 91	130 138 150 142 149	115 117 154 168	125 127			
2	Williams	132 149	180 205 103 103	111 113	87 91	150 150 149 149	88 115 168 168	125 125			
2	Max Red Bartlett	132 149	180 205 103 103	111 113	87 91	150 150 149 149	115 115 168 168	125 135			
2	CIAM CO9	80 132	180 205 103 103	111 113	87 91	128 150 149 149	113 115 154 168	125 125			
2	CIAM CO107	149 149	180 205 103 103	113 117	91 97	128 150 138 149	115 115 168 168	125 125			
3	Rabuda3	80 149	180 205 103 103	113 113	91 91	150 150 149 149	115 119 162 168	125 125			
3	CIAM CO99	80 112	180 180 103 103	113 113	87 91	150 150 142 149	113 119 162 166	125 125			
4	Tardía3	80 80	180 180 107 109	113 123	87 111	130 152 138 149	117 117 166 176	127 133			
4	San Germán	80 80	180 180 105 107 109	111 113 123	87 91 111	130 148 152 138 149 155	97 117 166 176 180	127 133 143			
4	Tardía Novembro	80 80	180 180 105 107 109	111 113 123	87 91 111	130 148 152 138 149	97 117 166 176	127 133 143			
5	De San Juan1	80 122	180 180 103 103	111 111	91 91	132 132 138 144	115 115 156 162	125 129			
5	De San Antonio	122 122	180 180 103 103	111 111	91 91	132 138 138 144	115 115 156 162	125 125			
6	Canela Outubro	124 124	198 205 103 105	115 117	91 97	128 146 138 142	115 119 162 168	125 125			
6	Compota1	80 124	198 198 103 103	117 121	87 91	128 146 138 153	97 119 158 168	125 125			
7	CIAM LU206	80 120	180 180 103 105	115 121	87 111	148 150 144 149	93 117 147 162	127 135			
7	Verdilarga	120 145	180 205 103 105	113 115	87 111	130 148 138 144	93 93 138 162	125 127			
8	Manteca Branca	124 149	180 180 103 107	113 117	87 93	128 150 149 153	113 115 162 166	125 125			
8	De Agosto3	80 149	180 205 103 107	113 117	87 91 93	128 150 149 153 155	113 115 156 162 166	125 154			
9	Rabuda Parda	122 122	180 180 103 107	113 119	91 91	150 150 134 149	117 119 154 162	125 127 143			
9	San Breixo	122 122	180 180 103 107	113 115 119	87 91	130 150 149 149	88 117 138 154	125 127			
10	Ercolini	94 132	180 180 103 103	113 117	93 111	132 156 138 149	115 115 150 166	125 133			
10	Precoce Morettini	132 132	180 205 103 103	113 113	91 93	132 148 138 149	115 115 150 166	125 125			
11	Nijisseiki	94 100	188 188 105 105	113 113	83 105	130 130 144 153	105 105 140 143	135 135			
11	Shinseiki	94 100	188 188 105 105	113 113	83 105	130 130 142 153	105 105 140 143	135 135			

## Caracterización

### Fenoloxía

O período medio da actividade vexetativa da colección de pereiras do CIAM (128 xenotipos) variou dende a última semana de febreiro (inchazón da xema, estadio C) ata a terceira semana de maio (engrosamento dos froitos, estadio J) (Figura 5). A data de recolección (R, 111 xenotipos) variou dende principios de xullo ata finais de outubro, en total catro meses.



B, C e C3, a xema empeza a inchar; D e D3, aparición dos botóns florais; E, os pétalos deixan ver os sépalos; E2, primeira flor; IF, 5% de flores abertas; PF, 50% de flores abertas; FF, 95% de flores abertas; G, caída dos primeiros pétalos; H, caída dos últimos pétalos; I e J, engrosamento dos froitos; e R, recolección do froito.


Figura 5. Estadios fenolóxicos dos xenotipos de pereira do CIAM (Xunta de Galicia).

Os estadios B, C e C3 corresponden aos momentos en que as xemas empezan a inchar e variaron entre a 4ª semana de febreiro e a 4ª semana de marzo. O estadio B, o maior número de xenotipos presentárono na 1ª semana de marzo (77); o estadio C e C3, na 2ª semana de marzo (78 e 64, respectivamente), e produciuse o máximo para C3 uns días máis tarde que para o estadio C.

Os estadios correspondentes á aparición dos botóns florais (D e D3) variaron entre a 1ª semana de marzo e a 1ª semana de abril. O período no que se encontrou un maior número de xenotipos nestes estadios foi na 3ª semana de marzo (50).

O estadio E, correspondente ao momento en que os pétalos deixan ver os sépalos, observouse durante as tres últimas semanas de marzo e a primeira semana de abril, e foi a 4ª semana de marzo a época en que un maior número de xenotipos (58) presentaron este estadio. Na 4ª semana de marzo tamén se observaron 55 xenotipos que presentaron as flores pechadas (E2).


A floración variou entre a 2ª semana de marzo e a 4ª de abril. Na 4ª semana de marzo encontráronse o maior número de xenotipos para o inicio da floración (IF, 59) e para o final da floración (FF) na primeira semana de abril (45). A plena floración (PF) concentrouse entre a 2ª semana de marzo e a 3ª semana de abril (Figura 6). Os xenotipos do CIAM foron caracterizados como de floración temperá, mediana e tardía a partir dos cuartís determinados, tendo en conta as datas de PF. Na 4ª semana de marzo encontráronse o maior número de xenotipos.



**Figura 6.** Época de plena floración dos xenotipos de pereira pertencentes ao CIAM (Xunta de Galicia).

A época de caída dos pétalos variou entre a 3ª semana de marzo e a 1ª semana de maio. O maior número de xenotipos no estadio de caída dos primeiros pétalos G (45) produciuse na 1ª semana de abril, mentres que para o estadio de caída dos últimos pétalos H foi na 3ª semana de abril (39).

Para os estadios correspondentes ao engrosamento do froito, o maior número de xenotipos presentouse entre a 2ª e 3ª semana de abril (41 xenotipos no estadio I) e entre a 4ª semana de abril e a 1ª semana de maio (41 xenotipos no estadio J).



**Figura 7.** Época de recolección dos xenotipos de pereira do CIAM (Xunta de Galicia).


A data na que se recolleron (estadio R) un maior número de xenotipos (22) foi na 4ª semana de agosto, seguida pola 1ª (15), 4ª (14) semana de setembro e 3ª semana de agosto (14) (Figura 7).

Cando os cultivares se ordenaron pola data de plena floración (PF, Figura 8) e pola data de recolección (R, Figura 9), obsérvase a falta de correlación entre ambos os dous estadios fenolóxicos, de tal maneira que se poderían seleccionar cultivares con data de floración tardía e recolección temperá para o seu cultivo en zonas frías ou de montaña.



En xullo soamente se recolleron dous cultivares, en agosto 46, en setembro 49 e en outubro 14. Polo tanto, o mes de setembro foi o máis importante para os xenotipos avaliados en canto á data de recolección (Figura 9). O xenotipo 'Branca Xullo' foi recollido en xullo (4ª semana). Dos xenotipos que teñen no nome agosto (sete), dous deles ('De Agosto3' e 'De Agosto4') foron recollidos en setembro (2ª e 1ª semana). Os xenotipos que teñen no nome setembro ('De Setembro-Outubro' e 'Manteca-Setembro') foron recollidos neste mes (2ª e 1ª semana). Un xenotipo en cuxa denominación aparece o mes de outubro ('Canela Outubro') foi recollido en agosto (4ª semana). Dous xenotipos que inclúen a denominación "Novembro" ('Tardía Novembro' e 'De Novembro') foron recollidos en outubro (1ª e 2ª semana). O 'Pero de Nadal' foi recollido en outubro (3ª semana). Os catro xenotipos coa denominación "Inverno" ('De Inverno1', 'De Inverno2', 'De Inverno3' e 'Tardía Inverno') foron recollidos en verán ou outono (3ª semana de outubro, 3ª semana de agosto, 4ª semana de setembro e 4ª semana de outubro). O xenotipo en cuxa denominación aparece a palabra "Temperá" ('Temperá de Agosto') foi clasificado como de recolección mediana (2ª semana de agosto), ademais dos seis xenotipos con denominación "Tardía", dous deles ('Tardía2' e 'Tardía3') tamén foron clasificados como de recolección mediana (4ª semana de setembro) segundo o noso sistema de clasificación.





## Morfoloxía

### **Caracteres fenotípicos cuantitativos**

En total avaliáronse 115 xenotipos, dos cales 45 (39%) foron triploides e 70 (61%) diploides. O peso do froito variou entre 13,33 g ('Peros Miúdos') e 244,52 g ('Manteca Ouro1'). A lonxitude (L) variou entre 27,92 mm ('Peros San Martiño') e 97,75 mm ('Manteca Ouro1'). O diámetro máximo (DM) variou entre 29,02 mm ('Peros Miúdos') e 78,31 mm ('Libra'). A relación entre a lonxitude e o diámetro máximo (Rella) variou entre 0,79 ('Portuguesa') e 1,60 ('CIAM LU206'); e a distancia ao diámetro máximo (DDM) entre 13,30 mm ('Peros San Martiño') e 38,66 mm ('Manteca Ouro1') (Táboa 16). A partir da información resultante da variabilidade das características do froito obtivéronse os cuartís, que mostran que na colección do CIAM, un 25% dos xenotipos producen froitos sen tamaño comercial, por debaixo dos 56 g e menos de 45 mm de lonxitude e diámetro (Táboa 17). Os valores da dureza do froito coa pel variaron entre 3,13 kg/cm<sup>2</sup> ('Urraca3') e 16,15 kg/cm<sup>2</sup> ('Dona Juana'), mentres que sen pel variaron entre 1,91 kg/cm<sup>2</sup> ('Barburiñas') e 13,45 kg/cm<sup>2</sup> ('Peros de Nadal') (Táboa 16).

Dentro das variedades comerciais de referencia, 'Castell' (27,93 g; L, 40,20 mm; DM, 37,67 mm) clasificouse no cuartil 0-25%, 'Williams' (109,01g; L, 64,06 mm; DM, 57,23 mm) e 'Branca' (93,40 g; L, 54,32 mm; DM, 54,73 mm) no cuartil entre 56-75% para os caracteres de peso, lonxitude e diámetro máximo respectivamente. Cultivares como 'Roma' (121,27g) e 'Mantecosa Hardy' (122,27g) clasificáronse para o peso no cuartil 76-100%.

O contido en azucres variou entre 8,20 °Brix ('CIAM LU214') e 16,20 °Brix ('Donguindo4'), cunha media de 12,91 °Brix. O pH do zume variou entre 3,26 ('CIAM CO70') e 5,05 ('Temperá de Agosto'). O valor mínimo para o ácido málico foi de 0,94 g/l ('CIAM LU207' e 'CIAM LU214') e o máximo de 8,04 g/l ('Peros de Santos') (Táboa 16).

Os cuartís mostran que os valores inferiores a 10 °Brix presentaron un 25% dos xenotipos, os valores superiores a 14 °Brix outro 25%, mentres que o 50% dos xenotipos mostraron valores entre 10 e 14 °Brix (Táboa 17).

As poboacións reconstruídas (RPP) mostraron diferenzas significativas para as características cuantitativas do froito (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2012). Entre as RPP, 'Williams' foi a que obtivo as maiores medias para a maioría das características e 'Peros', as menores. 'Mantecosa Hardy' presentou, de xeito xeral, unha posición intermedia. No grupo onde está a variedade 'Williams' están concentradas as variedades comerciais como 'Abbe Fetel', 'Blanquilla', 'Doyenné du Comice', 'Conference', 'Doctor Jules Guyot', 'General Leclerc', 'Passe Crassane', 'Max Red Bartlett' que son peras que se destacan por posuír froitos grandes e anchos, mentres que para o grupo de 'Mantecosa Hardy' presentan un tamaño mediano.

As poboacións reconstruídas (RPP) mostraron diferenzas significativas para o ácido málico, mentres que o xenotipo dentro das RPP foi significativo para os azucres totais, o pH e o ácido málico. A RPP1 'Williams' presentou os menores valores para o ácido málico, e a RPP3 'Peros', os máximos; e ao contrario para os azucres totais (Táboa 18).

**Táboa 16.** Descrición dos datos cuantitativos das características dos froitos de pereiras do CIAM (Xunta de Galicia).

Variables	Xenotipos (No.)	Mínimo	Máximo	Media	Varianza	Desviación Típica	
Peso (g)	115	13,33	244,52	89,64	180,31	45,09	
Lonxitude [L (mm)]	115	27,92	97,75	56,57	180,31	13,43	
Diámetro máximo [DM (mm)]	115	29,02	78,31	53,06	89,54	9,46	
Rella (Relación entre L e DM)	115	0,79	1,60	1,07	0,03	0,16	
Distancia ao DM [DDM (mm)]	115	13,30	38,66	27,68	24,58	4,96	
Dureza do froito (kg/cm <sup>2</sup> )	Con pel	100	3,13	16,15	7,30	6,60	2,57
	Sen pel	101	1,91	13,45	5,42	6,22	2,49
Azucres totais (°Brix)	112	8,20	16,20	12,91	2,81	1,68	
pH do zume	64	3,26	5,05	4,01	0,16	0,40	
Ácido málico (g/l)	64	0,94	8,04	3,33	2,82	1,68	

**Táboa 17.** Cuartís para os datos cuantitativos das características dos froitos de pereiras do CIAM (Xunta de Galicia).

Variables	Cuartís				
	0-25%	26-50%	51-75%	76-100%	
Peso (g)	≤56	57-82	83-114	≥115	
Lonxitude [L (mm)]	≤45	46-55	56-62	≥63	
Diámetro máximo [DM (mm)]	≤45	46-51	52-59	≥60	
Rella (Relación entre L e DM)	≤0,94	0,95-0,99	1,00-1,17	≥1,18	
Distancia ao DM [DDM(mm)]	≤24	25 -27	28-30	≥31	
Dureza do froito (kg/cm <sup>2</sup> )	Con pel	≤5,2	5,3-6,7	6,8-8,6	≥8,7
	Sen pel	≤3,3	3,4- 4,7	4,8- 6,5	≥6,6
Azucres totais (°Brix)	≤10	11-12	13	≥14	
pH do zume	≤3,69	3,70-3,89	3,90 -4,27	≥4,28	
Acido málico (g/l)	≤1,9	2,0-3,0	3,1-4,3	≥4,4	

**Táboa 18.** Diferenza entre RPP (poboacións reconstruídas) para os datos cuantitativos para as características dos froitos de pereiras do CIAM (Xunta de Galicia).

Variables	RPP			
	1, 'Williams'	2, 'Mantecosa Hardy'	3, 'Peros'	
Peso (g)	109,95a	80,45ab	62,38b	
Lonxitude [L (mm)]	66,24a	52,79a	53,06b	
Diámetro máximo [DM (mm)]	56,15a	50,27ab	47,16b	
Rella (Relación entre L e DM)	1,18a	1,05a	1,12a	
Distancia ao DM [DDM(mm)]	30,78a	26,70b	25,46b	
Dureza do froito (kg/cm <sup>2</sup> )	Con pel	7,07a	7,19a	6,42a
	Sen pel	5,85a	5,29a	4,81a
Azucres totais (°Brix)	12,61a	12,50a	12,37a	
pH do zume	3,93a	4,07a	4,02a	
Acido málico (g/l)	3,09a	3,35a	3,54a	

Medidas con letras distintas na mesma columna difiren estatisticamente mediante a proba SNK ao P<0.05.

### Caracteres fenotípicos cualitativos

A posición do diámetro máximo máis frecuente, en relación á forma do froito, foi no medio deste (43%), sendo a forma máis habitual dos laterais do froito a convexa (69%) e o código de forma 1,6 (36%) segundo o IBPGR (1983). A cor da epiderme máis frecuente da pera foi a amarela (49%), seguida da verde (32%). A cor da chapa vermella foi maioritaria (99%). A intensidade da chapa variou proporcionalmente entre pálida (31%), media (35%) e forte (35%). O tipo da chapa máis frecuente foi suave, cando o froito presentou unha chapa de coloreada a lavada (55%), seguido polo froito sen chapa (34%). A presenza de *russetting* é moi frecuente nos xenotipos do CIAM, sendo o máis frecuente que se presente no 76-100% da superficie do froito (67%) (Táboa 19).

A maior parte dos xenotipos avaliados non presentaron sarna no froito (51%), nun 23% os ataques foron moderados e un 26% presentaron ataques fortes (Táboa 19). Segundo Otero López e Tora Marquilles (1995), os cultivares 'Blanquilla', 'Castell' e 'Bartlett' son moi sensibles á sarna; 'Williams', 'Doyenné du Comice', 'Ercolini' e 'Precoce Morettini' son medianamente sensibles; e 'Conference', 'Passe Crassane', 'Doctor Jules Guyot' e 'Abbe Fetel' son pouco sensibles.

En relación á textura da polpa do froito, a máis frecuente foi a textura media da carne (51%) cun aspecto zumarento elevado (zume, 61%) e unha dozura media (40%) (Táboa 19).

**Táboa 19.** Frecuencias dos caracteres cualitativos dos froitos das pereiras da colección do CIAM (Xunta de Galicia).

Variable	Características	Xenotipos (No.)	Frecuencia (No.)	Porcentaxe (%)	Frecuencia acumulada (No.)	Porcentaxe acumulada (%)
Posición do diámetro máximo	No medio	114	49	43	49	43
	Lixeiramente cara ao cáliz	114	46	40	95	83
	Claramente cara ao cáliz	114	19	17	114	100
Forma lateral	Cóncavo	114	20	18	20	18
	Recto	114	15	13	35	31
	Convexo	114	79	69	114	100
Códigos da forma segundo o IBPGR (1983)	1,4	99	4	4	4	4
	1,5	99	15	15	19	19
	1,6	99	36	36	55	56
	3,2	99	12	12	67	68
	3,4	99	12	12	79	80
	3,6	99	6	6	85	86
	5,2	99	6	6	91	92
	5,4	99	5	5	96	97
	7,2	99	2	2	98	99
7,4	99	1	1	99	100	
Cor da epiderme	Verde	115	37	32	37	32
	Verde amarelada	115	11	10	48	42
	Amarela verdosa	115	9	8	57	50
	Amarela ocre	115	2	2	59	51
	Amarela	115	56	49	115	100

Variable	Características	Xenotipos (No.)	Frecuencia (No.)	Porcentaxe (%)	Frecuencia acumulada (No.)	Porcentaxe acumulada (%)
Cor da chapa	Laranxa	75	1	1	1	1
	Vermella	75	74	99	75	100
Intensidade da chapa	Pálida	75	23	31	23	31
	Media	75	26	35	49	65
	Forte	75	26	35	75	100
Tipo de chapa	Sen chapa	115	39	34	39	34
	A raias grosas	115	1	1	40	35
	A manchas	115	11	10	51	44
	Salpicada	115	1	1	52	45
	Coloreada a lavada	115	63	55	115	100
Porcentaxe de russetting	0-25%	114	7	6	7	6
	26-50%	114	13	11	20	18
	51-75%	114	18	16	38	33
	76-100%	114	76	67	114	100
Presenza da sarna	Ausente	108	55	51	55	51
	Moderada	108	25	23	80	74
	Forte	108	28	26	108	100
Textura da polpa	Fina	112	14	13	14	13
	Media	112	57	51	71	63
	Basta	112	41	37	112	100
Zume da polpa	Seco	112	17	15	17	15
	Medio	112	27	24	44	39
	Zumarento	112	68	61	112	100
Dozura	Ausente	112	8	7	8	7
	Débil	112	26	23	34	30
	Media	112	45	40	79	71
	Forte	112	33	29	112	100

## Proposta de selección de cultivares de pereira na colección do CIAM

Na avaliación morfolóxica realizada utilizando a Análise de Compoñentes Principais e Análise Clúster (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2012), a partir de 22 características morfolóxicas do froito e 15 estadios fenolóxicos, procedeuse á selección daqueles cultivares que poden supoñer unha alternativa para o sector produtor de pera rexional, diferenciándose das producións comerciais. A partir das tres primeiras compoñentes principais (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2012) clasificáronse os cultivares mediante unha Análise Clúster en sete grupos a partir dunha distancia de Mahalanobis de 2.1 (Figura 10).

Os seis grupos que presentaron máis dun cultivar mostraron diferenzas significativas para as características avaliadas, sendo os máis interesantes G1, G5, G2 e G6.

O G1 inclúe o cultivar francés ‘Mantecosa Hardy’, seguramente a orixe ancestral da poboación reconstruída RPP2 (Táboas 20 e 21), cuxos froitos no CIAM pesaron de media 122 g, cunha lonxitude de 67 mm e unha anchura de 59 mm, un nivel de azucres de 13,9 °BRIX e unha acidez de 3,5 g de ácido málico/l. No G1

agrupouse o cultivar 'Urraca', xeneticamente emparentado, aínda que con peso medio do froito moi inferior (50 g), cun nivel similar de acidez (3,6 g de ácido málico/l) e unha maior dozura (15,6 °BRIX). Polo tamaño do froito, dentro do G1, destacan os cultivares triploides 'Manteca Ouro1' (244,5 g), 'Tardía2' (223,9 g) e 'Libra' (223,5 g); pero tamén o cultivar galego 'Donguindo' (196,6 g). Todas presentan un nivel de azucres comparable a 'Mantecosa Hardy'. O cultivar que presentou maior dureza foi 'Compota1', o que se corresponde co seu nome, o cal fai referencia á súa utilización culinaria. O cultivar que se recolleu máis temperán no G1 foi 'Compota1' o 16 de agosto e o máis tardío 'CIAM OU229' o 19 de outubro. A época de floración no G1 variou entre o 17 de marzo para 'De Agosto4' e o 6 de abril para 'De Setembro-Outubro'.

No G2 agrúpanse os cultivares comerciais 'Roma' e 'Castell'. O cultivar 'Roma', triploide, produciu peras de 121 g de media, mentres que 'Castell' soamente de 29 g. As peras de 'Roma' recolléronse a principios de outubro, mentres que as de 'Castell' a principios de xullo, o que se corresponde coa bibliografía. Neste grupo tamén está 'San Juan1', pera de tamaño pequeno (55 g), que se recolleu a principios de agosto e, polo tanto, non se corresponde coa época de San Juan. Aínda que na colección existen outros tres xenotipos coa denominación San Juan, é 'San Juan1', o máis relevante en Galicia, porque se recolleu en catro lugares diferentes das provincias de Ourense e Pontevedra.

O grupo G3 correspóndese cos 'Peros', un grupo que inclúe diversos xenotipos, que teñen como características comúns o pequeno tamaño do froito, entre eles os seis recollidos no Banco de Xermoplasma co nome 'Peros', cuxos froitos variaron entre os 18 e os 43 g. Outro xenotipo do CIAM co nome 'Pero' agrupouse no grupo G4, tamén caracterizado polos froitos de pequeno tamaño. O único cultivar cun tamaño aceptable para a súa posible comercialización dentro do G3 é 'Prateiras', cunha media de 170 g por froito, pero que presentou un baixo nivel de azucres.

No grupo G5 preséntase a variedade 'Mantecosa Hardy', que na colección do CIAM produciu froitos de 109 g, 12,5 °Brix e 2,8 g de ácido málico/l. Dous xenotipos triploides dentro do G5, CIAM CO70 e CIAM PT129, presentaron froitos de maior tamaño e contidos similares de dozura respecto a 'Mantecosa Hardy', mentres que os froitos de CIAM CO70 presentaron un elevado contido de ácido málico (6,7 g/l).

### **Variedades relevantes en Galicia**

**Barburiñas** é un cultivar cultivado na Coruña e Pontevedra, que produce peras de escaso tamaño, do que non existen referencias escritas previas (Herrero, 1964).

**Compota** é unha denominación localizada na Coruña, Lugo e Pontevedra da que diferenciamos tres xenotipos. A falta de referencias históricas previas indican que se trata dunha denominación posterior a 1964 cando se publicou a *Cartografía de frutales de España* e non aparece referenciada (Herrero, 1964). 'Compota1' clasificouse no G1 e na RPP1 (Figura 10, Táboa 21) e, ademais de producir peras de gran tamaño (170 g), presentou unha elevada dureza, polo que o seu destino para a transformación pode estar xustificado. 'Compota2' clasificouse no G3 e en RPP2, polo que ten que ver pouco co xenotipo anterior, o que se evidencia tamén no seu menor tamaño do froito. 'Compota3' é un xenotipo triploide cun tamaño de froito similar a 'Compota2'.

**Donguindo** cultivábase nas catro provincias galegas en 1964 (Herrero, 1964) e atópase referenciada no dicionario de Valladares Núñez (1884). O xenotipo máis frecuente de ‘Donguindo’ produce unha pera grande (máis de 190 g por froito) (Figura 10, Táboa 21), cun nivel axeitado de dozura, acidez e dureza da polpa, que se recolle a principios de setembro. A calidade da pera chamada así e comprensiva dalgunhas variedades, como son a pera ‘Donguindo de Verán’, a ‘De Inverno’ e a ‘Rioja’.

**Manteca** fai referencia ás peras francesas “Beurré” pola textura da polpa. A denominación ‘Mantecosa’ é moi frecuente en Galicia, cun total de 57 accesións na colección do CIAM diferenciadas en 7 xenotipos diferentes, ademais doutras dúas identificadas como a variedade francesa ‘Mantecosa Hardy’, seguramente orixe de moitas das variedades con esta denominación. Entre elas, o clon máis frecuente de ‘Manteca’ no banco do CIAM foi ‘Manteca Escura’, triploide, cun froito inferior a 100 g (Figura 10, Táboa 21). Outro clon moi frecuente en Galicia é ‘Mantecosa Ouro1’, triploide, o cal produce froitos de elevado tamaño (245 g) e doces, que podería ser o cultivar ‘Duquesa de Angulema’, referenciado o seu cultivo en Galicia por Herrero (1964), aínda que non se dispoñía da variedade orixinal para comprobalo.

**Pero** é unha denominación frecuente en Galicia, aínda que non foi referenciada por Herrero (1964), cun total de 7 accesións na colección diferenciadas en 7 xenotipos diferentes. As peras producidas polos ‘Peros’ teñen en común o seu pequeno tamaño, entre 13 e 44 g (Figura 10, Táboa 21). Xeneticamente, este grupo diferenciouse dos que poderían ter a súa orixe en ‘Mantecosa Hardy’ ou ‘Williams’, e podería ter unha orixe autóctona a partir de seleccións de *P. cordata* ou *P. communis*, ambos os dous presentes na rexión (Aedo e Aldasoro, 1998), sobre todo *P. cordata*.

**Urraca** é o cultivar de pereira máis importante en Galicia, citado por primeira vez no século XIX e considerado sinónimo do cultivar francés ‘Gourmandine’ por De Capmany (1817) e Núñez de Taboada (1859), e como a ‘Pera Libra’ por Nugent (1808). Segundo a mostraxe realizada por Herrero (1964), ‘Urraca’ cultivábase na Coruña, Lugo e Pontevedra. Na colección do CIAM detectáronse cinco xenotipos diferentes de ‘Urraca’, o máis frecuente (13 accesións localizadas na Coruña e Pontevedra), clasificado xeneticamente na poboación reconstruída RPP2 con cultivar francés ‘Mantecosa Hardy’. Outro xenotipo diferente con ‘Urraca Branca’ tamén se localizou na RPP2 (Figura 10, Táboa 21), mentres que a ‘Urraca Grande’ o fixo na RPP1 (grupo Williams), e foi a que produciu os froitos máis grandes das diferentes ‘Urracas’. Os outros dous xenotipos de ‘Urraca’ (‘Urraca2’ e ‘Urraca3’) son triploides.




Figura 10. Clasificación dos cultivares do Banco de Xermoplasma do CIAM (Xunta de Galicia, España) segundo a disimilitude da distancia de Mahalanobis a partir de características morfolóxicas.



**Táboa 20.** Valores termo medio das características dos grupos obtidos a 2,1 de disimilitude da distancia de Mahalanobis para os xenotipos de pera do Banco de Xermoplasma do CIAM (Xunta de Galicia, España).

Variables		G1 (N= 55)	G2 (N= 20)	G3 (N= 25)	G4 (N= 5)	G5 (N= 8)	G6 (N= 1)	G7 (N= 1)
Peso (g)***		114,14a <sup>1</sup>	71,57bc	60,86bc	40,80c	94,41ab	68,31	50,19
Lonxitude [L (mm)]***		62,95a	52,30b	45,31bc	38,83c	68,77a	74,02	46,09
Diámetro máximo [DM (mm)]***		58,22a	49,90bc	47,24bc	42,48c	52,25ab	46,32	44,07
Rella (Relación entre L e DM)***		1,09c	1,05b	0,96bc	0,91c	1,32a	1,60	1,05
Distancia ao DM [DDM(mm)]***		30,24a	26,63ab	23,69bc	21,49c	29,61a	25,55	26,03
Dureza do froito (kg/cm <sup>2</sup> ) <sup>ns</sup>	Con pel	7,10a	7,71a	8,33a	6,11a	6,26a	8,45	3,66
	Sen pel	5,22a	5,90a	6,22a	3,61a	4,94a	7,65	1,91
Azucres totais (°Brix)*		13,30a	13,00a	12,50a	11,00b	12,80a	10,70	11,30
pH do zume *		3,91ab	4,28b	4,01ab	4,17b	3,66a	4,40	4,71
Ácido málico (g/l) <sup>ns</sup>		3,53a	2,56a	3,72a	2,90a	4,09a	2,14	1,52
Floración (estado plena floración)***		30-3b	23-3a	5-4b	1-4b	3-4b	15-3	8-4
Recolección**		11-9ab	26-8ab	14-9b	21-8a	26-8ab	23-8	16-8

\*P<0,05, \*\*P<0,01, \*\*\*P<0,001, ns – non significativo, N – número de xenotipos, <sup>1</sup> - Medias con letras distintas na mesma columna difiren estatisticamente mediante a proba de SNK a P <0,05.

**Táboa 21.** Características dos grupos obtidos a 2,1 de disimilitude da distancia de Mahalanobis para os xenotipos de pera do Banco de Xermoplasma do CIAM (Xunta de Galicia, España).

Observación	Grupo	PF	R	P	L	DM	Rella	DDM	DurC/P	DurS/P	AT	pH	AM
<i>Urraca [RPP2 (&gt;80%)]</i>	1	27-3	3-9	50,48	45,17	44,52	1,01	23,24	6,27	4,72	15,6	3,55	3,62
Manteca Ouro1 [3n]	1	5-4	10-9	244,52	97,75	73,93	1,32	38,66	5,32	3,73	14,4	3,75	5,60
Tardía2 [3n]	1	21-3	19-9	223,93	75,77	74,33	1,02	37,72	6,82	4,70	13,0		
Libra [3n]	1	2-4	22-9	223,53	70,75	78,31	0,91	37,07	8,95	7,15	13,7	3,51	6,30
Donguindo [RPP3 (<80%)]	1	27-3	2-9	196,66	83,28	67,39	1,21	35,44	4,96	3,33	13,6	4,47	2,28
CIAM CO107 [RPP1 (>80%)]	1	26-3	30-8	194,47	83,37	70,63	1,19	37,75	7,21	6,26	12,1		
Compota1 [RPP1 (>80%)]	1	11-4	16-8	171,64	82,48	66,52	1,25	35,62	12,68	11,83	11,1	4,12	2,18
San Breixo [3n]	1	4-4	31-8	159,14	61,48	67,80	0,91	33,78	10,80	3,05	11,2	3,59	6,37
De Inverno3 [3n]	1	2-4	22-9	154,04	71,43	66,48	1,08	34,69	10,20	7,40	13,0		
Portuguesa [RPP3 (<80%)]	1	30-3	11-9	149,13	54,02	68,73	0,79	35,08	7,95	6,65	15,0		
De Codorno2 [3n]	1	27-3	18-10	138,08	60,31	63,62	0,95	33,22					
Tardía Novembro [3n]	1	27-3	3-10	137,25	83,23	59,32	1,40	32,28	8,25	6,40	16,0		
CIAM LU209 [RPP1 (>80%)]	1	18-3	20-9	134,50	61,97	62,18	0,99	33,06	5,65	4,28	11,0		
San Germán [3n]	1	29-3	17-9	131,35	73,63	55,83	1,30	31,46	8,85	7,10	12,7	3,82	2,68
De Setembro-Outubro [3n]	1	6-4	12-9	130,35	74,74	61,79	1,21	33,51	5,54	3,45	14,5		
Canela Outubro [RPP1 (>80%)]	1	27-3	30-8	130,23	74,87	60,37	1,24	32,94	5,35	3,35	12,5	4,36	1,34
De Agosto4 [RPP1 (>80%)]	1	17-3	16-9	130,02	66,65	63,99	1,04	31,23	4,88	3,98	11,0		
Barrosa [RPP2 (>80%)]	1	7-4	9-10	129,08	64,82	63,10	1,03	31,65	6,83	4,65	12,2	4,12	1,88
CIAM OU229 [RPP2 (>80%)]	1	1-4	19-10	128,23	58,00	64,12	0,91	33,21	9,10	6,65	14,0		
Donguindo4 [RPP2 (>80%)]	1	30-3	16-9	127,05	57,85	63,94	0,91	26,72	5,28	3,38	16,2		
De Agosto3 [3n]	1	3-4	20-9	122,53	59,14	61,92	0,96	32,47	6,48	4,47	15,5		
<i>Mantecosa Hardy [RPP2 (&gt;80%)]</i>	1	1-4	25-8	122,37	67,07	59,37	1,13	31,27	7,64	6,25	13,9	3,87	3,53
CIAM CO39 [3n]	1	19-3	3-10	119,65	70,85	59,97	1,18	29,14	4,65	3,55	14,4		
Tardía4 [RPP1 (>80%)]	1	26-3	2-10	119,48	60,89	60,08	1,01	29,55			14,0		


Observación	Grupo	PF	R	P	L	DM	Rella	DDM	DurC/P	DurS/P	AT	pH	AM
CIAM LU189 [3n]	1	29-3		117,41	54,03	60,77	0,89	30,02			14,0		
Espadón de Auga [RPP1 (>80%)]	1	25-3	28-9	113,61	73,08	59,06	1,24	27,61	3,95	3,45	14,0		
CIAM LU207 [RPP1 (>80%)]	1	31-3	6-9	109,40	66,89	59,77	1,18	31,52	11,10	10,75	11,4	4,68	0,94
Tardía1 [3n]	1	29-3	28-9	108,24	52,11	61,07	0,86	30,74	8,10	4,50	14,0		
CIAM CO99 [RPP1 (>80%)]	1	25-3	26-8	102,94	60,48	55,71	1,09	31,38	8,40	5,42	11,1	4,05	1,56
Da Campaña [3n]	1	29-3	28-9	102,57	62,58	56,76	1,10	29,57	8,70	4,50	14,0		
De Agosto-Setembro [3n]	1	2-4	26-8	102,10	56,88	56,58	1,02	31,28	5,59	4,26	12,3	4,27	1,94
CIAM CO89 [RPP1 (>80%)]	1	26-3	8-9	101,03	62,95	56,50	1,12	28,76	5,98	3,93	14,1	3,40	5,90
CIAM OU225 [RPP1 (>80%)]	1	23-3	4-9	100,57	67,22	56,89	1,18	28,11	4,90	3,35	13,5		
Urraca Grande [RPP1 (>80%)]	1	1-4	5-9	97,20	65,07	55,88	1,17	27,75	5,65	3,68	15,0		
CIAM PT158 [RPP1 (>80%)]	1	27-3	24-9	96,08	62,91	53,20	1,18	27,56	6,78	5,43	10,0		
Manteca Branca [RPP1 (>80%)]	1	3-4	22-9	93,72	50,78	55,86	0,91	28,76	6,05	4,10	13,0		
Blanquilla [RPP1 (<80%)]	1		21-8	93,40	54,32	54,73	1,00	29,20	5,30	3,10	15,1	3,57	3,22
Tardía Moi Grande [RPP1 (>80%)]	1	4-4	27-9	92,62	56,01	56,37	0,99	31,76	5,25	3,25	14,0		
Rabuda3 [RPP1 (>80%)]	1	30-3	20-8	91,99	63,80	52,60	1,22	30,59	10,88	9,50	11,0	3,85	3,82
Manteca Escura [3n]	1	24-3	19-8	89,27	62,73	52,93	1,19	30,09	6,48	4,99	11,8	3,88	2,94
Verdeñas [3n]	1	24-3	11-8	85,02	51,21	53,82	0,96	28,64	7,20	4,86	12,0	3,85	4,52
CIAM CO11 [3n]	1	31-3	7-9	83,81	65,60	53,02	1,24	27,01	8,28	6,45	12,9	3,58	5,63
Manteca Setembro [RPP2 (<80%)]	1	1-4	3-9	82,66	63,05	51,17	1,24	26,34	7,39	5,65	13,6	3,86	4,47
CIAM CO51 [RPP2 (>80%)]	1	4-4	30-9	80,61	61,38	51,78	1,18	28,03	12,30	11,05	16,0		
Mendoza [RPP2 (>80%)]	1	5-4	4-10	79,57	54,19	53,16	1,02	28,14	6,20	3,75	12,0		
De Novembro [RPP2 (>80%)]	1	3-4	9-10	76,93	53,81	52,93	1,02	25,40	9,30	6,10			
Urraca3 [3n]	1	10-4	5-9	76,38	50,16	54,64	0,92	22,21	3,13	2,65			
CIAM CO87 [3n]	1	5-4	11-9	76,01	51,18	51,84	0,99	24,41	6,43	3,88	14,0		
CIAM CO94 [RPP1 (>80%)]	1	1-4	7-9	75,19	58,21	51,72	1,13	28,99	4,95	3,75	14,0		
Manteca Ouro2 [RPP1 (>80%)]	1	1-4	31-8	73,01	59,02	49,35	1,20	28,17	3,78	2,93	14,2	4,05	2,01
Espín [RPP2 (<80%)]	1	1-4	19-8	66,95	58,58	47,83	1,23	27,59	10,83	10,13	11,9	3,75	5,44
CIAM LU172 [RPP3 (<80%)]	1		25-8	66,80	52,93	47,83	1,11	26,30	7,90	6,60	13,4	3,86	4,56
Manteca Branca Grande [RPP1 (>80%)]	1	29-3	17-8	60,44	55,52	45,54	1,22	24,93	5,86	4,01	13,6		
Sevillana [RPP2 (>80%)]	1	25-3	12-8	57,40	50,81	46,72	1,08	25,91	6,76	4,96	13,2	3,88	3,46
Canela Pequena [3n]	1	10-4	21-8	57,07	45,08	47,86	0,94	25,47	5,97	4,27	12,3	4,03	2,14
CIAM CO9 [RPP1 (>80%)]	2	31-3	10-8	85,89	58,92	54,92	1,07	29,81	10,05	7,70	10,8	4,39	2,55
Temperá Agosto [RPP2 (>80%)]	2	2-4	11-8	44,21	41,45	44,69	0,93	21,79	4,98	3,30	12,4	5,05	1,21
Tardía3 [RPP1 (<80%)]	2	22-3	19-9	60,11	52,70	47,45	1,11	24,21			14,0		
CIAM CO88 [RPP1 (>80%)]	2	19-3	15-10	82,68	53,83	52,41	1,03	27,45			14,0		
Augacenta [3n]	2	9-4	21-8	84,29	48,69	54,43	0,90	30,09			12,4	4,23	4,42
Bonita [RPP2 (>80%)]	2	15-3	7-8	31,31	38,47	38,47	1,00	23,40	6,15	5,30	15,0	4,73	2,01
Urraca Branca [RPP2 (<80%)]	2	26-3	17-8	32,83	42,92	37,88	1,14	22,60	10,00	7,73	10,0	4,28	1,88
CIAM PT157 [RPP1 (>80%)]	2	25-3	7-10	96,84	58,79	57,34	1,03	28,72	7,80	6,05	12,0		
Pardas [RPP2 (>80%)]	2	25-3		99,01	49,72	59,50	0,84	30,22	10,50	4,95			
De Inverno2 [RPP1 (>80%)]	2	26-3	26-8	95,60	58,36	54,57	1,09	29,83	4,75	3,15	12,8	3,81	2,14
CIAM OU231 [3n]	2	24-3	17-8	62,39	46,18	49,06	0,94	26,66				4,52	1,65
CIAM OU233 [3n]	2	15-3	10-9	67,92	53,09	49,45	1,07	27,64	9,95	6,80	15,4	3,52	5,36
De San Juan1 [RPP3 (>80%)]	2	13-3	11-8	55,61	46,68	43,04	1,06	25,51	7,65	6,40	15,1	3,97	2,81
Conseridonia [RPP2 (>80%)]	2	21-3	24-8	88,68	72,67	52,84	1,38	28,99	4,43	3,08	16,0		
CIAM OU226 [3n]	2	21-3	25-8	101,13	68,00	56,76	1,20	31,87	6,95	6,50	12,9	4,32	1,94
Urraca2 [3n]	2	20-3	25-8	54,52	48,28	46,36	1,04	24,27	4,92	2,70	9,3	4,46	1,34

Observación	Grupo	PF	R	P	L	DM	Rella	DDM	DurC/P	DurS/P	AT	pH	AM
Castell [3n]	2	17-3	1-7	27,93	40,20	37,67	1,07	17,37		11,95	15,0		
<i>Roma [3n]</i>	2	20-3	1-10	121,27	59,96	62,97	0,95	28,76	8,38	4,35	10,0		
De Agosto2 [RPP1 (>80%)]	2	31-3	25-8	80,67	50,17	52,17	0,97	26,73	11,43	8,55	13,1	4,58	1,61
CIAM OU223 [RPP1 (>80%)]	2	22-3	21-8	58,71	56,95	46,07	1,24	26,67			14,6	3,75	4,36
Compota2 [RPP2 (>80%)]	3	16-4	11-9	67,23	45,15	49,51	0,91	26,57			9,8	3,89	4,96
Compota3 [3n]	3	6-4	17-8	69,48	51,01	51,45	0,99	24,09			12,7	3,79	3,55
De Codorno1 [RPP3 (>80%)]	3	1-4	27-9	61,99	44,74	50,04	0,89	24,84					
De Inverno1 [RPP2 (>80%)]	3	11-4	18-10	116,34	55,08	64,31	0,86	31,67					
De Santiago1 [RPP2 (>80%)]	3	5-4	16-8	18,22	30,00	31,23	0,96	17,18	5,58	2,98	13,4	3,85	4,76
Donguido3 [3n]	3	8-4	1-9	65,71	57,53	48,68	1,18	27,47	8,03	5,58	13,2	4,70	1,34
Dona Juana [RPP2 (>80%)]	3	29-3	19-10	54,21	42,22	46,49	0,92	20,78	16,15	12,40			
Fariñentas ou de Cabana [3n]	3	4-4	15-9	57,78	46,04	45,81	1,00	24,86	7,50	6,00	11,0		
Follá [3n]	3	8-4	8-9	75,82	51,35	52,92	0,97	25,54	6,63	4,90	13,0		
Lourenzá [RPP2 (>80%)]	3	8-4	19-8	40,80	39,37	42,57	0,92	21,33	9,75	7,15	11,2	4,33	2,48
Millarenga [RPP2 (>80%)]	3	17-4	24-9	67,54	54,73	50,54	1,08	23,98	7,45	5,30	13,0		
Peras de Espiño [RPP2 (>80%)]	3	15-4	8-9	113,66	64,94	59,22	1,10	31,31	6,13	4,23	11,0		
Pero de Nadal [RPP2 (>80%)]	3	7-4	18-10	43,45	43,29	42,85	1,01	23,59	15,95	13,45			
Peros Amargos [RPP3 (>80%)]	3	21-3	8-10	22,24	29,77	36,24	0,82	15,76	11,05	10,75			
Peros de Santos [3n]	3	31-3	19-9	24,99	32,94	35,46	0,93	18,48	11,05	7,63	13,9	3,90	8,04
Peros Miúdos [RPP3 (>80%)]	3	6-4	2-9	13,33	28,46	29,02	0,99	15,72			15,5		
Peros Raposos [RPP2 (<80%)]	3	13-4	7-9	42,23	39,69	44,80	0,89	21,57	4,93	3,10	14,0		
Peros S. Martiño [RPP2 (<80%)]	3	23-3	8-10	18,12	27,92	33,33	0,84	13,30	7,90	4,60			
<i>Prateiras [3n]</i>	3	7-4	10-8	169,75	68,30	71,61	0,96	34,63	8,68	5,85	10,9	3,45	3,95
Rabuda Parda [3n]	3	3-4	15-9	105,21	51,43	61,65	0,84	28,81	6,98	5,08			
Rabuda1 [3n]	3	28-3	26-8	61,21	46,50	48,83	0,96	25,55	5,01	3,23	10,9	3,86	3,08
Rabuda2 [RPP1 (>80%)]	3	4-4	5-9	81,11	52,69	55,12	0,96	25,89	4,88	4,68	12,0		
San Luis [3n]	3	13-4	11-9	56,84	43,83	48,71	0,90	24,56	8,20	7,35	14,0	4,22	1,52
Tardía Inverno [RPP3 (>80%)]	3	5-4	26-10	27,23	42,22	35,66	1,19	19,28	11,15	7,85	12,0		
Tenreiras [RPP2 (>80%)]	3	1-4	2-9	47,10	43,53	44,95	0,97	25,49	3,58	2,40	12,6	4,07	3,48
De Santiago2 [RPP3 (>80%)]	4	31-3	20-8	53,83	46,80	46,37	1,01	27,17	3,80	1,95	11,8	3,99	3,35
Redonda Agosto [3n]	4	8-4	27-8	26,90	31,73	37,63	0,85	17,60	4,40	2,55	10,2	3,83	4,02
Pero [3n]	4	10-4	26-8	33,46	37,53	38,77	0,97	19,05	10,45	5,85	12,2		
CIAM LU214 [3n]	4	27-3	17-8	41,70	40,31	43,18	0,93	21,46	7,45	4,85	8,2	4,93	0,94
Rabo Largo [3n]	4	25-3	19-8	48,13	37,80	46,45	0,81	22,17	4,44	2,86	12,5	3,94	3,27
Branca Xullo [RPP1 (>80%)]	5	26-3	28-7	57,27	59,89	45,31	1,32	29,19	8,85	8,85	10,8	3,78	2,41
Manteca Canela Agosto [RPP3 (>80%)]	5	7-4	31-8	54,79	55,19	46,01	1,20	23,64	7,08	5,08	14,3	3,36	7,37
CIAM CO70 [3n]	5	6-4	7-9	129,14	77,71	59,37	1,31	33,48	4,55	3,10	14,3	3,26	6,70
CIAM PT129 [3n]	5	4-4	27-8	174,36	93,25	61,84	1,51	34,16	3,93	2,53	12,6	3,46	2,55
CIAM LU179 [3n]	5	27-3	21-8	90,63	61,08	52,92	1,16	29,18			11,4	3,96	3,26
Espigarda [3n]	5	11-4	31-8	56,20	60,00	44,00	1,36	25,40	9,10	9,00	11,2	3,73	3,62
Verdilarga [RPP3 (>80%)]	5	29-3	7-9	83,92	79,00	51,36	1,54	30,20	5,76	3,13	15,0	3,77	4,06
<i>Williams [RPP1 (&gt;80%)]</i>	5	11-4	28-8	109,01	64,06	57,23	1,12	31,66	4,55	2,93	12,5	3,96	2,81

PF – Data de plena floración, R – Data de recolección, P - peso, L – lonxitude, DM - diámetro máximo, Rella - relación entre a lonxitude e o diámetro máximo, DDM- distancia ao DM, DurC/P - a firmeza da froita coa epiderme (Kg/cm<sup>2</sup>), DurS/P - a firmeza da froita sen epiderme (Kg/cm<sup>2</sup>), AT - azucres totais (° Brix), pH – pH do zume, AM- ácido málico (AM/l).

Variedades importantes do grupo en cursiva.





# DISCUSIÓN



## Variación alélica

Encontráronse 26 xenotipos dun total de 147 (18%) que presentaron un só locus cun terceiro alelo. Comprobouse que o terceiro alelo tamén existía noutros cultivares diploides e triploides. Entre as referencias utilizadas neste estudo, ‘Castell’, ‘Péndula’, ‘Chanticleer’, ‘Hosui’ e ‘Roma’ presentaron un alelo extra nun só locus, xa descrito por Evans *et al.* (2009) para ‘Chanticleer’, ‘Hosui’ e ‘Péndula’.

Outros 27 xenotipos de 147 (18%) presentaron tres alelos en máis dun locus. En total, encontráronse 94 diploides (64%) e 53 triploides (36%) dun total de 147 xenotipos. Dentro dos 127 xenotipos identificados nos cultivares galegos, 79 foron diploides (62%) e 48 triploides (38%)

A porcentaxe de individuos triploides foi máis alta que a encontrada nas variedades locais de mazá da mesma zona cun 29% (Ramos-Cabrer *et al.*, 2007) e superior á porcentaxe estimada en cultivares de maceira en Norteamérica cun 6% (Einset e Lamb, 1951), así como respecto a proxenies dos pais diploides cun 0,3% (Einset, 1948, 1952).

‘San Germán’ é un cultivar triploide relacionado con ‘Tardía3’ como resultado da unión dun óvulo ou espermatozoide non reducido cun gameto normal, como explicou Einset (1952) en maceira, e confirmouse mediante a análise de microsátélites por Ramos-Cabrer *et al.* (2007), explicando como ‘Boskoop’ (triploide) procede de ‘Reinette de Caux’ (diploide), ambos os dous cultivares dos Países Baixos. A hibridación como mecanismo de diversificación dos cultivares no noroeste peninsular foi demostrado noutras especies como a vide (Díaz-Losada *et al.*, 2010) e o castiñeiro (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2011). No castiñeiro, a porcentaxe de individuos relacionados por hibridación ascendeu ao 36% (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2011), porcentaxe superior ao encontrado neste traballo co 16%. Esta diferenza pode deberse a que o estudo do castiñeiro realizouse nas plantacións existentes, con árbores de máis de 100 anos de idade, onde se puideron detectar numerosos cultivares orixinados a partir de 10 cultivares relevantes de España e Portugal, mentres que no estudo da pereira se trata dunha colección na que os colleiteiros trataron de incorporar o máximo de variabilidade.

### Clasificación

Identificáronse un total de 147 xenotipos diferentes, 127 correspondentes á colección do CIAM e 20 ás variedades comerciais de referencia. Polo tanto, as 221 accesións locais estudadas da colección do CIAM agrupáronse en 127 xenotipos, o que significa o 43% de clonalidade no Banco de Xermoplasma. Algunhas accesións recollidas en diferentes localidades con diferentes nomes mostraron o mesmo xenotipo. Este valor foi menor que o descrito por Bassil *et al.* (2008), os que encontraron un 50% de clonalidade cando identificaron cultivares de pereira históricos en dous parques nacionais nos EE.UU., e é similar á clonalidade en cultivares de mazá de España (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2008). Estes valores foron máis baixos que os encontrados no castiñeiro, con máis de 60% de clonalidade nas plantacións de árbores enxertadas con 300 anos de antigüidade (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2006, 2010).

Noutras coleccións de xermoplasma demostrouse a presenza de introgresións, como na colección de cultivares de maceira do CIAM (Ramos Gabrer *et al.*, 2007) e na colección de vide da EVEGA (Díaz-Losada *et al.*, 2010). En poboacións naturais de castiñeiro tamén se demostrou a presenza de híbridos interespecíficos con especies asiáticas obtidos nos anos 50 en Galicia (Pereira-Lorenzo *et al.*, 2010).

Nalgúns grupos, as accesións do CIAM tiñan nomes que non correspondían co grupo de clasificación por SSR. Por exemplo, o xenotipo da variedade comercial ‘Williams’ presentou tres accesións, unha das tres

denominacións galegas non presentaba nome ('Descoñecida') e as outras dúas tiñan nomes erróneos, 'Pera Manteca' e 'Urraca Grande'.

## Características da fenoloxía e do froito

A precocidade na época de recolección dun número importante de xenotipos é un aspecto interesante para proporcionar froita de tempada, sen necesidade de conservación (Masseron e Trillot, 1991). Segundo os cuartís, na colección do CIAM teríamos un grupo de xenotipos temperáns que se recolleron antes da 3ª semana de agosto e un grupo de xenotipos tardíos que se recolleron despois da 4ª semana de setembro.

O valor medio de dureza do froito sen a pel na colección do CIAM foi de 5,42 kg/cm<sup>2</sup>, un valor acorde cos datos de referencia para as variedades comerciais (Masseron e Trillot, 1991; Manning, 2009). Os cultivares comerciais 'Doyenné du Comice' e 'Abbe Fetel', por exemplo, presentan unha dureza de 5 kg/cm<sup>2</sup>.

As cores predominantes nos cultivares máis importantes son a verde, a amarela e a vermella, cunha forma xeralmente alongada. Consómense cultivares de cor vermella como 'Red Bartlett', amarela como 'Doctor Jules Guyot', verde como 'Blanquilla' ou de epiderme parcial ou totalmente bronceada como 'Conference'; e a forma preferida é a alongada-cóncava (Kappel *et al.*, 1995; Jaeger *et al.*, 2003; Manning, 2009). A maior parte das variedades cultivadas actualmente ('Conference', 'Williams', 'Doyenné du Comice', 'Abbe Fetel', etc.) teñen a súa orixe no século XVIII. O consumidor de pera é moi estático e a súa preferencia límitase a unha ou dúas variedades (Turner *et al.*, 2005).

A presenza de *russeting* é moi frecuente nos xenotipos do CIAM. O *russeting* pódese definir como unha periderme que substitúe a epiderme e forma unha capa continua de tecido protector, de tal maneira que os tecidos verdes subxacentes son escurecidos por quinonas marróns (Skene, 1982; Jackson, 2003). Segundo Hancock e Lobos (2008), a presenza de *russeting* é aceptable se é uniforme e lixeiro para o mercado fresco, pero non é aceptable para o procesado. A metade dos xenotipos mostraron valores entre 10 e 14 °Brix, valores que presentan outros cultivares comerciais (Jackson, 2003). Por outra parte, un 25% dos valores de ácido málico superiores a 4,4 mostran certa posibilidade de selección de xenotipos de interese para a produción de sidra ("Perry").

En xeral, a froita destinada a extraer o zume debe ser de boa calidade gustativa, e máis cando madura, con tecidos máis brandos, maior contido de azucre, de cor máis intensa e menor acidez (Bates *et al.*, 2001). A textura da froita afecta a liberación do zume e a dispoñibilidade dos ácidos, azucres e substancias volátiles na boca, e isto vai determinar o sabor das peras (Eccher Zerbini *et al.*, 1998).

A maior parte dos xenotipos avaliados non presentaron sarna no froito (51%). Segundo Otero López e Tora Marquilles (1995), os cultivares 'Blanquilla', 'Castell' e 'Bartlett' son moi sensibles á sarna; 'Williams', 'Doyenné du Comice', 'Ercolini' e 'Precoce Morettini' son medianamente sensibles; e 'Conference', 'Passe Crassane', 'Doctor Jules Guyot' e 'Abbe Fetel' son pouco sensibles.



### ***Proposta de selección de cultivares de pereira de Galicia***

A elevada diversidade xenética encontrada no Banco de Xermoplasma de Pereira do CIAM permite a diversificación das producións locais. Diferéncianse das producións comerciais centradas en 'Conferencia' e 'Blanquilla' en España, cun interese adicional para a agricultura ecolóxica e producións con denominación de orixe. Gran parte das variedades de interese pertencen aos grupos varietais orixinados en variedades francesas como 'Mantecosa Hardy' e 'Williams', das cales os agricultores realizaron seleccións locais máis adaptadas. Este proceso de selección a partir de introgresións de elevada calidade tamén foi demostrada noutros cultivos relevantes en Galicia como a vide (Díaz-Losada, 2012), a partir de cultivares franceses introducidos seguramente polas ordes relixiosas a partir da reconquista no século X, como o demostran os rexistros escritos de plantacións de pomares en Lugo (Wiener, 1915; Huetz de Lemps, 1967).







**FICHAS VARIETAIS**



## Augacenta



125 Augacenta  
A Estrada (Pontevedra)

**Sinónimos:** Non ten

**Accesións do CIAM:** PT125

**Procedencia:** Pontevedra

**Floración:** 4ª semana de marzo (mediana)

**Recolección:** 3ª semana de agosto (temperá)

### **DIMENSIÓN**

**Peso (g):** 84 (medio)

**Diámetro máximo [DM (mm)]:** 54 (mediano)

**Posición do DM:** No medio

**Lonxitude [L (mm)]:** 49 (pequena)

**Rella [L/DM (mm)]:** 0,90 (moi pequena)

**DDM [distancia ao DM (mm)]:** 30 (mediana)

**Perfil dos laterais:** Convexo

### **CARACTERÍSTICAS EXTERNAS**

**Cor da base:** Verde

**Cor da chapa:** Sen chapa

**Intensidade da chapa:** -

**Tipo de chapa:** -

**Cantidade de russeting:** 26-50%

**Ataque da sarna:** Moderado

### **CARACTERÍSTICAS FÍSICAS**

**Dureza con pel (kg/cm²):** -

**Dureza sen pel (kg/cm²):** -

### **CARACTERÍSTICAS ORGANOLÉPTICAS**

**Textura:** Media

**Zume:** Zumarenta


**Dozura:** Ausente

### **CARACTERÍSTICAS DO ZUME**

**Azucres totais (°Brix):** 12 (baixos)

**pH:** 4,23 (medio)

**Ácido málico (g/l):** 4,0 (medio)



73 Barburiñas  
Aranga(A Coruña)

**Sinónimos:** Pera de Xullo, Santiaguesa  
**Accesións do CIAM:** CO1, CO73, PT118  
**Procedencia:** A Coruña e Pontevedra  
**Floración:** 2ª semana de abril (tardía)  
**Recolección:** 3ª semana de agosto (temperá)

**DIMENSIÓNS**

**Peso (g):** 50 (moi baixo)  
**Diámetro máximo [DM (mm)]:** 44 (moi pequeno)  
**Posición do DM:** Lixeiramente cara ao cáliz  
**Lonxitude [L (mm)]:** 46 (pequena)  
**Rella [L/DM (mm)]:** 1,05 (mediana)  
**DDM [distancia ao DM (mm)]:** 26 (pequena)  
**Perfil dos laterais:** Convexo

**CARACTERÍSTICAS EXTERNAS**

**Cor da base:** Verde a amarelada  
**Cor da chapa:** Laranxa  
**Intensidade da chapa:** Pálida  
**Tipo de chapa:** A manchas

**Cantidade de russeting:** 51-75%  
**Ataque da sarna:** Moderado

**CARACTERÍSTICAS FÍSICAS**

**Dureza con pel (kg/cm<sup>2</sup>):** 3,7 (moi baixa)  
**Dureza sen pel (kg/cm<sup>2</sup>):** 1,9 (moi baixa)


**CARACTERÍSTICAS ORGANOLÉPTICAS**

**Textura:** Fina  
**Zume:** Zumarenta  
**Dozura:** Débil

**CARACTERÍSTICAS DO ZUME**

